

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de xullo de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora xeral adxunta, Sr. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(748).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(749).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE: 2399/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 18/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección

de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal xeral”, para o exercicio 2018 que consta neste expediente.

A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas nesta ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan no presente expediente.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDLexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo directrices das Concellerías de Facenda e Comercio modifícase a base liquidable/superficie computable de ocupación de dominio público en postos de venda, tanto regulados na Ordenanza Fiscal nº 30 como na Ordenanza Fiscal nº 32: A superficie computable será, estritamente, a ocupada polo posto ou instalación.

Para o exercicio 2018, segundo proposta do Sr. Tesoureiro municipal que obra no expediente, introdúcese unha serie de modificacións no procedemento de recadación en período executivo. Afectan ao artigo 73 relativo á poxa de bens, no tocante ao prazo de adxudicación directa, diferenciando un prazo para adxudicación de bens inmoables e outro para bens móbiles (apartado 6). Engádesse un apartado 9, para recoller circunstancias non previstas (formalización da adxudicación directa en acta, gastos derivados da adxudicación a cargo do adxudicatario, suposto de impago do prezo do remate polo adxudicatario...)

Modifícase a redacción do artigo 73B, apartado 2, no tocante ao prazo da presentación polo debedor da solicitude de fraccionamento.

### **Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación:**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal económico-administrativo (TEA) do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza fiscal xeral” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza fiscal xeral”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado, no tramite que determina o Regulamento orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno local e novo ditame do TEA.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar a seguinte:

**"MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL" (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 73.- POXA DE BENS.**

*Modifícase do punto 6 o parágrafo 3 e engádense os puntos 9 e 10.*

6. A poxa realizarase con suxeición aos criterios seguintes:

- No caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación tiveran resultado desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrara a débeda e quedasen bens por enaxenar, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da poxa. Non obstante a Mesa de poxa poderá acordar:

- Adxudicación dos bens inmobles no prazo de tres meses, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses, cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente.

- Por outro lado, a mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens mobles no prazo dun mes, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente.

9. Terminada a poxa ou, no seu caso, formalizada a adxudicación directa, levantarase acta e entregarase aos adxudicatarios a certificación do acta de adxudicación dos bens.

Todos os gastos derivados da adxudicación, incluídos os impostos que graven a transmisión, serán por conta do adxudicatario.

Os adxudicatarios exoneran expresamente o Concello de Vigo, ao amparo do artigo 9 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, de Propiedade Horizontal, da obriga de achegar certificación sobre o estado das débedas da comunidade, sendo a cargo dos mesmos a cancelación das débedas pendentes de pago.

10. En caso de impago do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incorrer polos danos e prexuízos que orixine a falta de pago do prezo de remate.

Así mesmo, o adxudicatario non poderá desistir da súa oferta con posterioridade a completar o prezo de remate polo que, se fose o caso, o importe de remate abonado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incorrer o adxudicatario polos danos e prexuízos causados á Administración.

## **ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO.**

*Modifícase o punto 2.*

2. Excepcionalmente, naquelas contas nas que os únicos ingresos sexan os procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos últimos doce meses non supere o importe do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión para os efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a débedas tributarias e o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ao remate do prazo de vinte días naturais dende o día seguinte á data da traba, aos efectos de que a Administración poida ordenar o levantamento da retención antes de que a entidade bancaria execute o embargo, nos termos recollidos no apartado 6 do artigo 79 do Regulamento Xeral de Recadación."

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Modifícase o Epígrafe F do apartado 4 do artigo 4 da:

#### **Ordenanza Nº 30:**

**Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.**

#### ARTIGO 4: COTAS

##### 4. Tarifas

Epígrafe F) Postos, barracas, buzóns postais, casetas de venda, espectáculos...

A superficie computable será a que ocupe o posto.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

Modifícase o parágrafo cuarto do artigo 4 da:

#### **Ordenanza Nº 32:**

**Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.**

#### ARTIGO 4: COTAS

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación.

### **DISPOSICIÓN FINAL:**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

**2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.**

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **3(750).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE: 2400/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana. A lenta evolución da actividade económica determina un escasisímo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos**

Polo que se refire ao Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), hai que ter en conta que, en data 30 de maio de 2014, recae Sentenza do Tribunal Supremo 2159/2014 na que se determina que os bens inmóveis situados en solos urbanizables só poden valorarse catastralmente como solos urbanos se dispoñen dun planeamento de desenvolvemento que conteña a súa ordenación detallada. Isto é, non basta con que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, senón que é necesario que estea aprobado o instrumento urbanístico que conteña a súa ordenación detallada.

A aplicación do criterio establecido na cita STS, deu lugar á Lei 13/2015 de 24 de xuño de reforma da Lei Hipotecaria aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 e do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, implicando que os solos urbanizables sen ordenación detallada deixan de figurar como bens de natureza urbana.

A citada Lei modifica a letra b) do apartado 2 do artigo 7 do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario limitando a consideración de bens de natureza urbana para os solos urbanizables que estando incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, contén con Plan Parcial aprobado ou outro instrumento con determinacións de ordenación detallada:

*“b) os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística aprobados prevean ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se teñan establecido para eles as determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, de acordo coa lexislación urbanística aplicable”*

A aplicación desta medida lexislativa supuxo, en Vigo, dende o exercicio 2016 unha minoración importante na carga tributaria deste imposto para os titulares catastrais dos solos urbanizables sen ordenación detallada. Consecuente e paralelamente, produciuse unha minoración na capacidade recadadora total do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Desapareceron do padrón de bens inmóveis de natureza urbana e quedaron incluídos no padrón de bens inmóveis de natureza rústica todos os solos urbanizables do término municipal que carecen da citada ordenación detallada ou pormenorizada, e o seu valor catastral foi reducido e determinado *“mediante a aplicación dos módulos que, en función da súa localización, se estableceron por orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas”* (Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra o valor unitario resultante no Concello de Vigo foi de 1,083 €/m<sup>2</sup>).

Compre ter en conta o importe do “orçamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das exencións recollidas nos artigos 62, 73 e 74 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e outra Lexislación sectorial supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os catro millóns de euros. A aquelas compre engadir as bonificacións potestativas que se aplican neste Concello a familias numerosas, a centros sanitarios da titularidade do SERGAS creados con posterioridade a 2007 e a bonificación do 3% polo pagamento deste Imposto en dous prazos (maio e novembro).

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

### **Modificacións na Ordenanza**

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos tipos de gravame e non na base imponible. O Concello de Vigo non ten solicitado a aplicación do coeficiente de actualización dos valores catastrais que podería incluírse na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e implicaría unha actualización destes dun 8 por cento. Con este coeficiente (1,08), os valores catastrais no Concello de Vigo situaríanse en torno ao 50 por cento do valor de mercado. No seu lugar, óptase por unha medida cunha incidencia cuantitativamente moi inferior neste imposto e máis progresiva na medida na que a base imponible (valor catastral) ten repercusión ou serve de referencia para outros tributos.

Deste xeito conséguense dous obxectivos: Respetar o mandato de progresividade que se establece no artigo 31 da Constitución e que consiste en que quen teña máis capacidade económica debe contribuír nesa medida á cobertura do gasto público e, evitar un incremento xeneralizado dos valores catastrais que podería ter efectos regresivos para os contribuíntes

Segundo o anterior, a modificación proposta actualiza nun 2,2% os tipos impositivos de Bens Urbanos e BICES. Igualmente, actualízanse na mesma porcentaxe do 2,2% os ingresos brutos que constitúen a base para determinar a bonificación de familias numerosas.

### **Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 5.- EXENCIONES.**

*Engádese un novo parágrafo d)*

d) Os bens inmobles da titularidade de entidades incluídas na Lei 49/2002 de 23 de decembro de Réxime Fiscal de Entidades sen fins Lucrativos e dos incentivos fiscais ao Mecenazgo, nos términos da citada lei.

**ARTIGO 6.- BONIFICACIONES.**

*Modifícase o parágrafo punto 3.*

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

- a) Se os importes brutos anuais dos membros da familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.360 €, a bonificación será do 90%.
- b) Se os ingresos estiveran entre 6.361 € e 8.130 €, a bonificación será do 50%.

**ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.**

*Modifícase do artigo 8 o seguinte:*

- 1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
- 2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,901%.
- 3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,677%.
- 4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,831%
- 5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,914% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:



CÓDIGO-USO	V.CATASTRAL		TIPO
I-industrial	igual ou superior a	125.000€	0,914
C-comercial	igual ou superior a	125.000€	0,914
G-ocio e hostalería	igual ou superior a	175.000€	0,914
O-oficinas	igual ou superior a	125.000€	0,914
A-almacenamento estacionamento	igual ou superior a	100.000€	0,914
K-deportivo	igual ou superior a	450.000€	0,914
T-espectáculos	igual ou superior a	175.000 €	0,914

### **DISPOSICIÓN FINAL 2ª.**

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **4(751).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE: 2398/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

### **Condicionantes xerais**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisoluble conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos**

Polo que se refire ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a súa capacidade recadadora ven diminuíndo nos últimos anos pola redución do número de turismos das categorías de maior potencia, así como do número de vehículos da categoría camión ou vehículos industriais e de servizos.

Amais do anterior, o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir os beneficios fiscais deste imposto van en continuo crecemento: Bonificacións por baixa emisión de CO2, vehículos híbridos, eléctricos, exención en vehículos históricos, vehículos para persoas de mobilidade reducida e os conducidos por persoas con discapacidade, vehículos oficiais,

sanitarios e outros recollidos no artigo 93 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais. No exercicio 2017, o importe dos beneficios fiscais por este imposto ascendeu a 1.660.000 €

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

### **Modificacións na Ordenanza**

Tendo en conta o exposto, plantease unha redución do 10% das tarifas relativas a motocicletas de todas as categorías fiscais así como un axuste dun 2,2% nas restantes tarifas do artigo 6.

### **Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA" (3), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

### **ARTIGO 6.- COTA**

*Modifícase o punto 1.*

1. O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	22,70 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	63,10 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	136,90 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	156,25 €
B.2. de 21 a 50 prazas	227,00 €
B.3. de máis de 50 prazas	283,80 €

C. CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	79,70 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	156,25 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	227,00 €
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	283,80 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	30,20 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	48,40 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	145,00 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA COTA ANUAL

E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	33,10 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	52,10 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	159,35 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	10,10 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	22,60 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	45,15 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	90,25€

DISPOSICIÓN FINAL 2ª

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derrogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

## **5(752).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE: 2401/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

### **Condicionantes xerais**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa

incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos**

Polo que se refire ao Imposto sobre Actividades Económicas, hai que ter en conta que a capacidade recadadora deste tributo límitase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas cun unha cifra de negocios superior a un millón de euros. Diante de case 40.000 inscricións na Matricula de Actividades Económicas, só 4.000 aportan ao orzamento municipal por este imposto..

Amáis do anterior, compre ter en conta o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das bonificacións por inicio de actividade, por creación de emprego, cooperativas fiscalmente protexidas e outros supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os douscentos cincuenta mil euros.

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

### **Modificacións na Ordenanza**

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%..

### **Informe sobre o impacto de xénero**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a persoas xurídicas contribuíntes. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**"MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS" (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.**

*Modifícase o punto 1.*

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00
3ª	2,84
4ª	2,61
5ª	2,43
6ª	2,21

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **6(753).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE. EXPTE: 2402/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a administración do **Concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a instancia de parte**”, que figura no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación, fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.



A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL “O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.190.187,24 € (917.463,28 € do Concello e 272.723,96 € da Xerencia de Urbanismo) e a estimación de ingresos, a 290.000 € para os servizos prestados polo Concello e 50.000 € para os prestado pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas nun 2,2% do artigo 5 así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte estaría exento desta taxa.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, A INSTANCIA DE PARTE ” (10), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS**

*Modifícase o punto 1.*

1. Estarán exentas da taxa de compulsas de documentos necesarios para acceder ao mercado laboral, as persoas desempregadas empadroadas en Vigo, circunstancias que deberán acreditar no momento da solicitude da compulsas.

### **ARTIGO 5.- BASE COTA TRIBUTARIA.**

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

- |   |         |
|---|---------|
| 1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:  |         |
| a. De ata 5 anos de antigüidade   | 2,35 €  |
| b. Superior a cinco anos ata dez  | 4,70 €  |
| c. De mais de dez anos  | 12,55 € |
| 2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:   |         |
| a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina  | 10,30 € |
| b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de   | 1,55 €  |
| 3. Restantes certificados:  |         |
| a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina  | 2,35 €  |
| b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de   | 1,55 €  |
| 4. Copias de planos:  |         |
| a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados |         |
| - DIN A-4   | 1,95 €  |
| - DIN A-1   | 3,85 €  |
| - Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de   | 9,80 €  |
| b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:              |         |
| - De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).  |         |
| - Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).  |         |
| Por cada Plano  | 1,55 €  |
| c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:   |         |
| - De ata tres anos de antigüidade, por un plano.  | 10,30 € |

- Por cada ano ou plano máis, un recargo de	1,55 €
5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.	
a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
A4	0,55 €
A3	0,60 €
b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
A4	0,70 €
A3	1,15 €
c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
A4	0,90 €
A3	1,30 €
d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
A4	1,10 €
A3	2,10 €
Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda	
No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.	
6. Verificación de poderes:	
a Validación de poder, por cada un	10,30 €
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	4,45 €
c. Simple recoñecemento de sinatura	2,70 €
7. Fotocopias:	
a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,	
- por cada páxina A4.	0,15 €
- por cada páxina A3	0,60 €
b. Compulsa de documentos	
- Primeira páxina	1,55 €
- Por cada unha das restantes	0,60 €
8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
- Por cada exemplar	4,50 €
9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a. Por cada unha dos grupos A e B	36,05 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	20,15 €
10. Informacións ou consultas urbanísticas:	
a. Información ou consulta urbanística común	15,00 €
b. Información ou consulta urbanística especial	49,90 €
11. Cédulas urbanísticas	49,90 €

12. Expedición de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de discapacitados, por motivo de extravío. 10,10€
13. Expedición de informes/partes de servizo da Policía Local, Bombeiros e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc. 47,45
14. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.  
104,65 €
15. Expedición de xustificante de empadramento. (\*)
- (\*)(Servizo facilitado gratuitamente na Web do Concello: [ww.vigo.org/sede](http://ww.vigo.org/sede) electrónica/trámites máis comúns)
16. Informes de carácter estritamente administrativo das diferentes áreas do Concello. Inclúense neste apartado, inspeccións de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares. 10,30 €
17. Expedición da Autorización Especial para a circulación de vehículos con MMA superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas; Por cada vehículo e ano ou fracción. 9,95 €
18. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados. 46,20 €
19. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987) 56,50 €
20. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados. 56,50 €
21. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987). 66,85 €
22. Comunicacions sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de Construcións, Instalacións e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51). 47,15 €
23. Certificados relativos á recadación de tributos (\*\*):  
a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade 10,70 €  
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de 1,55 €
- (\*\*). Servizos facilitados gratuitamente na Web do Concello: [www.vigo.org/sede](http://www.vigo.org/sede) electrónica/trámites e procedementos/facenda
24. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros. 3,85 €
25. Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello aplicaráselle a tarifa

que resulte de cubrir o custo da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático.

- |   |         |
|---|---------|
| a. Documentos en soporte dixital ata 100MB        | 22,25 € |
| b. Documentos en soporte dixital de mais de 100MB | 44,45 € |

26. En supostos especiais, a obtención de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmacións, etc. serán obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedición.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **7(754).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS AO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO. EXPTE: 2403/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ao Servizo de Taxi na cidade de Vigo” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

**Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total das tramitacións relativas ao servizo de taxi na cidade de Vigo, para o exercicio 2018 ascendería a un total de 600.240,81 € en tanto que a previsión de ingresos sería para o citado exercicio de 20.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízanse as tarifas do artigo 4 nun 2,2%.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS AO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO" (11), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 4.- COTAS.

*Modifícanse os puntos 3, 4, 5 e 6.*

- |   |         |
|---|---------|
| 3. Revisión de vehículo   | 31,95 € |
| 4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame. | 9,15 €  |
| 5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.                            | 18,25 € |

6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc., por cada un 4,55 €

### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **8(755).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES. EXPTE: 2404/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Servizos Especiais por Espectáculos e Transportes" para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que "*as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario*".



Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación, fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

*Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL “O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 103.407,84 € e os ingresos estimados a 20.000 €.

### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualizase as tarifas nun 2,2% do artigo 5.

### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES" (12), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

### **ARTIGO 5.- COTA.**

1. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:  
€/hora ou fracción  
Por cada persoa afecta ó servizo: 12,65 €  
Por cada vehículo afecto ó servizo: 24,65 €

2. Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c)  
do apartado 1 do artigo 1:  
Por cada vehículo e ano ou fracción: 22,85 €

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **9(756).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE: 2405/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS" para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que "*as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario*".

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o "bloque da constitucionalidade": artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbeis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.357.533,66 € e o ingreso estimado para o citado exercicio ascendería a 160.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas do artigo 5 nun 2,2% e nun 3,3% o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS". (14), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### **ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS.**

*Modifícanse os apartados c) e d).*

c) Estarán exentos das taxas correspondentes a expedición de licencias de inhumación ou enterramento, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

d) Estarán exentos do pagamento das taxas correspondentes á expedición de licencias de inhumacións ou enterramentos os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 6.360 €.

#### **ARTIGO 5.- COTAS.**

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos 137,60 €

de cinceiros dobres 248,95 €

A.1.2. de criptas 137,60 €

A.1.3. de nichos 402,85 €

A.1.4 Párulos 222,75 €

A.2. Por período de 50 anos

A.2.1. de nichos	2.248,65 €
A.2.2. de cinceiros	392,25 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	392,25 €

Nas concesións a que se refire o apartado A.2 anterior, no momento en que o Negociado de Cemiterios notifique a iniciación do expediente para adxudicación requirirase xunto co certificado de empadramento, autoliquidación por trámite do expediente de concesión por importe de 31 euros.

No caso de que a concesión non fose levada ata o final sexa por renuncia, impago ou calquera outra causa imputable ó interesado, o expediente pecharase sen dereito a devolución do importe ingresado pola tramitación.

#### B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos	89,65 €
de cinceiros dobres	169,60 €
B.2. de criptas	89,65 €
B.3. de nichos	270,10 €
B.4. de párvulos	222,75 €

#### C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas, cinceiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos 21,20 €

#### D. EXPEDICIÓN DE LICENCIAS

##### D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinceiros	Criptas, panteón e mausoleos
Adultos e párvulos	38,15	65,45	144,90 €
Fetos e restos anatómicos			16,70 €

D.2.Exhumación 49,50 €

As anteriores licenzas comprenden amais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

#### E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

##### E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. Hereditarios	31,55 €
E.1.2. Intervivos	561,75€

##### E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. Hereditarios	31,55 €
E.2.2. Intervivos	169,60 €

- E.3. de cinceiros
- E.3.1. Hereditarios 10,30 €
- E.3.2. Intervivos 42,20 €

- E.4. De panteóns e mausoleos por unidade
- E.4.1. Hereditarios 222,75 €
- E.4.2. Intervivos 843,15 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

- F. Taxa de mantemento e limpeza
- F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos e criptas, por unidade e ano 35,70 €
- F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano, unha ou dúas bocas de nichos 9,45 €  
3 ou 4 bocas 17,65 €
- F.3. Sepultura en terra por unidade e ano 2,80 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

#### **ARTIGO 7.- INGRESO.**

*Modifícase o punto 3.*

3. As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación

No momento da notificación do acordo de adxudicación. 563,60 €

2ª liquidación

Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto. 836,20 €

3ª liquidación

A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión 848,85 €

#### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **10(757).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. EXPTE: 2406/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos" para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que "*as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario*".

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o "bloque da constitucionalidade": artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación, fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.



A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 3.113.696,63 € e os ingresos estimados serían de 800.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas do artigo 5 nun 2,2%.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

**1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:**

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS" (15), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

**ARTIGO 5.- COTA.**

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización 72 €

Incremento diario por depósito e custodia 5,60 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, tricíclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Inmovilización 136 €

Incremento diario por depósito e custodia 10,50 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización 210 €

Incremento diario por depósito e custodia 21,50 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas 72 €

Incremento diario por depósito e custodia 5,60 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, tricíclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas 136 €

Incremento diario por depósito e custodia 10,50 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	210 €
Incremento diario por depósito e custodia	21,50 €
- Contenedores	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	244 €
Incremento diario por depósito e custodia	21,50 €

### **DISPOSICIÓNS FINAIS.**

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **11(758).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. EXPTE: 2407/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo”, para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación, fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbeis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 25.540.601,74 € destacando como partidas principais as de recollida, transporte e mantemento de colectores por importe de 14.039.539,86 € e a de tratamento de residuos por importe de 8.665.648,99 €.

Os ingresos estimados para 2018 coas tarifas propostas na presente ordenanza ascenderían a 16.950.000 €, que xunto con 800.000 € de ingresos previsibles por venda de materiais reciclables arroxarian un total de 17.750.000 €.

O orzamento de gastos fiscais desta taxa e dicir o importe dos beneficios fiscais outorgados por motivos de escasa capacidade económica a diferentes colectivos ou familias: numerosas, monoparentais, parados de longa duración, maiores de 65 anos, dependentes e outros ascendeu para o exercicio 2017 a 320.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízanse as tarifas do artigo 5 da ordenanza nun 2,2% así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO” (16), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### **ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.**

*Modifícase o punto 1.*

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 4.064 € e 6.360 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

#### **ARTIGO 5 COTA.**

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

##### A). VIVENDAS.

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
139	Cota anual	86,90

##### B). ESTABLECEMENTOS

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
1	Accesorios e vehículos, venda.	453,75
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	227,20
43	Almacéns frigoríficos e outros.	2.345,20
5	Artigos de pel, peleterías.	268,65
6	Artigos de viaxe.	289,15
7	Axencias de viaxe.	227,20
8	Bancos.	1.308,35
9	Bares e cafés de categoría especial.	473,60
91	Outros cafés e bares.	269,70
124	Bibliotecas, museos. salas de arte.	173,90
11	Bingos e outros xogos de azar	1.184,95
12	Bixuterías.	183,90
14	Bombonerías.	227,20
15	Cadros e molduras, lámparas.	270,80
16	Cafeterías.	792,80
17	Carnicerías	420,15
19	Cines.	524,00
20	Clubs, peñas e asociacións culturais.	173,90
21	Colexios e academias de ensino, por planta.	173,90
22	Ídem. Ídem. con internado, por planta.	183,90
23	Colexios profesionais.	255,80
24	Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	338,25
10	Comercio menor toda clase artigos, por planta.	473,60
140	Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	419,35
25	Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	370,15
73	Confiterías, pastelerías, panaderías e bolerías sen obrador.	173,90
26	Consultorios.	227,20
125	Clínicas de día sen hospitalización.	454,70
27	Corte e confección, modistas e xastrerías.	269,70
28	Cristalerías.	255,80
29	Churrerías.	173,90
30	Depósitos e almacéns pechados ó público.	269,70
31	Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	380,00

32	Discotecas.	1.118,50
33	Droguerías.	326,25
34	Efectos navais.	454,70
35	Estacións de servizo.	681,35
36	Estancos.	173,90
37	Estudios fotográficos.	183,90
38	Farmacias e laboratorios.	269,70
39	Ferrancharías, chatarrerías.	370,15
40	Ferreterías.	454,70
41	Florerías e paxarerías.	200,30
42	Fotografía, venda de material.	365,65
44	Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	227,20
151	Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	454,45
152	Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2	908,85
153	Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2	1.361,40
154	Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2	1.817,70
155	Froiterías de mais de 200m2	2.417,95
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	88,15
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	154,00
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	200,35
48	Garaxes públicos	339,00
49	Garaxes públicos con lavado.	454,70
126	Granxas de animais.	420,15
143	Hoteles de cinco estrelas	2.417,95
51	Hoteles e moteis de catro estrelas.	1.896,15
52	Hoteles e moteis de tres estrelas.	1.421,45
53	Hoteles e moteis de dúas e unha estrela.	1.138,70
54	Hoteles-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings.	902,70
55	Imprentas e litografías.	454,70
56	Instrumentos musicais.	269,70
58	Librerías.	365,65
158	Local sen actividade	86,90
159	(Substitúese polo último paragrafo do presente artigo 5)	
59	Loterías, administracións de.	173,90
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	454,70
61	Material eléctrico e electrodoméstico,ordenadores.	365,65
62	Material de construción.	454,70
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	540,95
64	Mercerías.	173,90
65	Mobles, exposición.	454,70
141	Mobles, venda en establecementos de superficie ata 150 m2.	540,95
66	Mobles, venda en establecementos de superficie superior a 150 m2.	902,70
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	454,70
68	Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades.	365,65
69	Obxectos de deporte.	269,70
70	Oficinas e despachos, por unidade.	168,80
71	Ópticas.	173,90
72	Ortopedias.	454,70
74	Papelerías, fotocopias.	237,80
76	Perruquerías e salóns de beleza.	298,10

127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda.	200,30
77	Pensións, hospedarías e hostais.	454,70
128	Ídem sen comida, por habitación.	52,30
78	Perfumerías.	269,70
79	Pescaderías.	269,70
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	594,45
80	Praterías e xoierías.	397,95
130	Preescolares e garderías infantís.	227,20
81	Quioscos.	173,90
131	Rastrillos e similares.	269,70
82	Reloxerías.	269,70
83	Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	173,90
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	933,25
85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	827,70
86	Restaurantes de 1 cuberto.	594,45
157	Restaurantes de menos de 30m2	297,20
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	3.032,65
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.818,90
105	Servizos de reprodución gráfica.	381,95
89	Sociedades de lecer e casinos.	1.064,25
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.421,45
93	Tecidos e confeccións por planta.	404,95
156	Tendas de roupa e/ou complementos de menos de 30m2.	168,80
94	Tinturerías e lavanderías.	269,70
95	Transportes públicos e privados.	681,35
96	Venda de localidades.	93,30
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	299,00
98	Xeladerías e chocolaterías.	372,05
99	Ximnasia, saunas e similares.	400,80
100	Xogos de lecer.	681,35
101	Xogueterías.	365,65
103	Zapaterías.	309,10
104	Zapaterías, reparación.	173,90

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
135	De 1 obreiro.	269,70
108	De 2 a 5 obreiros.	333,15
109	De 6 a 10 obreiros.	454,70
110	De 11 a 25 obreiros.	681,35
111	De 26 a 75 obreiros.	1.366,85
112	De 76 a 125 obreiros.	1.821,05
113	De 126 a 250 obreiros.	2.272,25
114	De máis de 250 obreiros	3.032,65

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA



CÓDIGO CONCEPTO      EUROS

**- Con colectores de 1000 litros:**

138	Un colector	2.417,95
149	Dos colectores	5.819,80
150	De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149: Por cada colector	4.110,00

- Con colectores de 2400 litros:

148	Cada colector	6.795,95
-----	---------------	----------

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

**12(759).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO. EXPTE: 2408/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas Pola Prestación dos Servizos de Sanidade Preventiva, Desinfección, Desinsectación, Desra-

tización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 78.263,65 € e os ingresos ascenderían a 7.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas do artigo 4 nun 2,2% así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa: actualízanse os importes destes mínimos exentos nun 3,3%.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

**1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:**

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO.” (19), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

### **ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

*Modifícanse os puntos a) e b).*

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.360 €.

### **ARTIGO 4.- COTAS.**

As tarifas destas taxas serán as seguintes:

#### **1. DESINSECTACION**

- 1.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;  
polos primeiros 25 m2. 24,60 €
- 1.2. Por cada m2 a maiores 0,65 €

#### **2. DESRATIZACIÓN**

- 2.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;  
polos primeiros 50 m2. 24,60 €
- 1.2. Por cada 50 m2 a maiores 6,50 €

#### **3. DESINFECCIÓN**

- 3.1. Por cada actuación nunha vivenda ou local;  
polos primeiros 25 m2. 24,60 €
- 3.2. Por cada m2 a maiores 0,65 €

#### **4. VEHÍCULOS**

- 4.1. Por desinfección autotaxi. 9,65 €
- 4.2. Ídem. autobuses transporte urbano. 19,30 €
- 4.3. Ídem. camión, autobús ou transporte de mobles. 28,05 €

A prestación de servizos realizados fóra do horario normal de traballo sufrirá un recargo do 50% sobre as tarifas sinaladas.

### **DISPOSICIÓNS FINAIS.**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **13(760).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. EXPTE: 2410/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma

do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo os informes económicos que obran no expediente, o custe previsto para 2018 na Escola Municipal de Danza ascendería a 196.529,76 €, na Escola Municipal de Música sería de 480.561, 79 €, na Escola Municipal de Teatro sería de 176.437,03 € e na Escola Municipal de Musica Folk e Tradicional sería de 279.246,99 €.

A financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios das escolas municipais de música e artes escénicas acadaría entorno ao 26%, tendo en conta que parte dos usuarios gozarán de exención por motivos de escasa capacidade económica conforme ao disposto no artigo 3.2 da ordenanza.

### **Modificacións na Ordenanza.**

Actualízanse as tarifas dos apartados b), c) e d) do artigo 3.1 da ordenanza nún 2,2% e, esta mesma porcentaxe, o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento destes prezos públicos.

### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS” (40), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

**ARTIGO 3.- CONTÍA.**

Modifícanse do punto 1. os apartados b), c) e d). Do punto 2. o primeiro parágrafo e elimínase o punto 3.

**b) Escola Municipal de Música.**

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula 44,60 €
- 10 mensualidades de 17,70 €

Itinerarios Instrumental Básico (I e II) e Avanzado:

- Matrícula 68,05 €
- 10 mensualidades de 27,05 €

Itinerario Profesional:

- Matrícula 69,85 €
- 10 mensualidades de 27,90 €

Itinerario For-Grup (con unha materia):

- Matrícula 55,00 €
- 10 mensualidades de 10,60 €

Itinerario For-Grup (con dúas materias):

- Matrícula 55,00 €
- 10 mensualidades de 21,95 €

Itinerario For-Grup (con tres ou máis materias):

- Matrícula 55,00 €
- 10 mensualidades de 32,95 €

**c) Escola Municipal de Teatro.**

Para todos os niveis (I, II, III e IV e Formación de actores I e II)

- Matrícula 26,40 €
- 9 mensualidades de 22,90 €

**d) Escola Municipal de Música folk e tradicional (E-TRAD).**

Básico, Medio e Avanzado.

- Matrícula 40,90 €
- 9 mensualidades de 20,45 €

For-Agrup

- Matrícula 25,55 €
- 9 mensualidades de 10,20 €

### **Cursos monográficos.**

20 horas ou fracción.	25,55 €
40 horas	46,00 €
60 horas	66,45 €
80 horas ou mais	86,85 €

2. Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados nesta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.064 € e 6.360 para familias numerosas. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

3. *Elimínase completo por duplicidade.*

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

*Elimínase.*

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **14(761).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS, ALUGUER DE INSTALACIÓNS PARA ESTES, XESTIÓN INTEGRAL DE RSU DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DOMICILIARIOS, DEPOSITADOS EN SACOS NA VÍA PÚBLICA E PARTICIPACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS. EXPTE: 2414/500**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Á vista do informe que obra no expediente da Concellería da Área de Medioambiente e Vida saudable e instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de “Modificación Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de rsu de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Substitúese no artigo 3 apartado 2 a vixente redacción por outra mais xenérica que comprende os diferentes programas e actividades complementarias ás Visitas á VigoZoo, mantendo o procedemento de determinación do prezo público coincidente co importe do custe unitario.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS, ALUGUER DE INSTALACIÓNS PARA ESTES, XESTIÓN INTEGRAL DE RSU DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DOMICILIARIOS, DEPOSITADOS EN SACOS NA VÍA PÚBLICA E PARTICIPACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES OU PROGRAMAS” (42), QUE QUEDARAN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### **ARTIGO 3.- CONTÍA.**

*Modifícase o punto 2.*

2. Actividades complementarias ás visitas a Vigo- Zoo:

Para determinar o importe do custe unitario destas actividades, dividirase o custe total do programa ou actividade entre o número de prazas. Este informe económico farase constar no expediente de aprobación do citado programa ou actividade

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **15(762).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE: 2411/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público por utilización das instalacións deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes" para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que "*as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario*".

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o "bloque da constitucionalidade": artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais

do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### **Condicionantes específicos.**

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custe previsto para 2018 ascendería a 9.738.699,64 € e os ingresos previstos para o citado exercicio serían de 2.393.041 €

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Actualízanse as tarifas dos artigos dos apartados 9, 10, 11, 12 e 13 nun 2,2% e, nesta mesma porcentaxe no artigo 5, os importes dos ingresos brutos per capita por debaixo dos que un contribuínte ou familia estarían exentos destes prezos públicos.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO :**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTEs ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNs DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES” (52), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:.

#### **ARTIGO 5. REDUCIÓNs NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNs E BONIFICACIÓNs).**

*Modifícanse no apartado A) o punto A.2),*

A) Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza:

A.2 Os usuarios participantes no **Programa Municipal de escolas deportivas** conforme ao que segue:

A.2.1 Os alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

A.2.2 Os alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.360 €.

- Os Ingresos Brutos anuais per cápita a que se refiren os apartados A.2.1 e A.2.2 anteriores calcularanse dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. **No caso dunha persoa** cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

#### **ARTIGO 9. PREZOS PÚBLICOS PARA ESPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS.**

##### A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día	4.308,00 euros + iva
- ½ día	2.412,00 euros + iva
- Aluguer escenario	21,54 euros m2 + iva

##### B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	602,00 euros + iva
- ½ día	345,00 euros + iva

##### C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora	39,00 euros + iva
------	-------------------

#### **ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.**

##### **1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓNs, ADESTRAMENTOS.**

*Modifícanse os apartados a) e c)*

a) PAGAMENTO DE RESERVA DE TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva. Este pagamento só se realizará ao comezo da tempada.

a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	215,40 €
1ª Categoría (un só equipo)	86,15 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	129,25 €
2ª Categoría	64,60 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 86,15 €

c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

Poderán solicitar bonos de partidos de tempada as entidades deportivas que teñan vixente “contrato de tempada” ou o tiveran na tempada anterior.

O bono é individual por equipo e emitírase segundo o número de partidos da competición.

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	64,60 €/partido
1º Categoría	30,10 €/partido
2º Categoría	14,55 €/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,55 €/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,30 €/partido

\*Aplicarase un desconto do 10% no prezo do bono se o pago se realiza entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.

A partir do 1 de xaneiro os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

**2. COMPETICIÓNS - EXHIBICIÓNS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)**

Instalación	Sen taquilla	Con taquilla
Pavillón Central	51,65 €/hora	86,15 €/hora
Outras Instalacións e campos de fútbol	30,10 €/hora	51,65 €/hora

**Squash, Tenis, Frontón e Pádel**

Catg Esp. e 1ª Cat	10,20	16,85
2ª Categoría	7,95	13,30

**Piscinas Cubertas:**

Catg Esp. e 1ª Cat	129,80	153,30
2ª Categoría	87,90	105,25

**3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)**

a) PAVILLÓN CENTRAL

Sen taquilla	Con taquilla
€/partido	€/partido

Categoría especial	68,90	163,70
--------------------	-------	--------

b) OUTRAS INSTALACIÓNS €/partido

Categoría especial	64,60
1ª Categoría	30,10
2ª Categoría	14,55

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,55 € partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,30 € partido

#### 4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora

Categoría especial e 1ª categoría	12,90
-----------------------------------	-------

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

	Pista enteira	Pista compartida
--	---------------	------------------

- Categoría especial e		
- 1ª categoría.	8,10	6,00
- 2ª Categoría	5,55	4,35

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS €/hora

1ª Categoría (un equipo)	4,70
2ª Categoría (un equipo)	2,60

d) PISTAS DE SQUASH. Prezo pista

- Categoría especial e 1ª categoría.	6,00 €/hora
- 2ª Categoría	4,35 €/hora

e) PISCINAS CUBERTAS. prezo por rúa

- Categoría especial e 1ª categoría.	6,00 €/hora
- 2ª Categoría	4,35 €/hora

### ARTIGO 11. PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

#### 1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,15 €
1.2 Menores	2,25 €

#### 2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	29,35 €
-------------	---------

2.2. Menores 19,85 €

### 3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

#### 3.1.- Instalacións Cubertas

	<b>1 hora</b>	<b>Bono 10 usos</b>
a) 2 Xogadores	4,70 €	42,45 €
b) 4 Xogadores	5,55 €	49,85 €

#### 3.2.- Instalacións descubertas

	<b>1 hora</b>	<b>Bono 10 usos</b>
a) 2 Xogadores	3,15 €	28,90 €
b) 4 Xogadores	4,70 €	42,45 €

#### 3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	<b>€/hora</b>
Instalacións cubertas	2,20
Instalacións descubertas	1,45

### 4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana 16,45 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana 20,70 €

4.3.- Cotas anuais de abonados aos Ximnacios (uso libre) fraccionadas en pagamentos mensuais.

4.3.1 Adultos (individual anual ou mensual)	155,10 € - 12,95 €
4.3.2 Menores (individual anual ou mensual)	94,95 € - 7,90 €
4.3.3 Familiar (anual ou mensual)	224,10 € -18,70 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual ou mensual)	129,30 €- 10,75 €
4.3.5 Menores (individual anual ou mensual)	68,90 € - 5,75 €
4.3.6 Familiar (anual ou mensual)	190,10 €- 15,85 €

### 5.- SQUASH:

	<b>1 reserva</b>	<b>Abono 10 usos/reservas</b>
Reserva uso pista 2 xogadores (45 minutos)	4,35 €	39,15 €

Cada xogador mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 20.1.

### 6. CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS (actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

	<b>Pista enteira</b>	<b>Pista compartida</b>
	<b>€/hora</b>	<b>€/hora</b>
- 1ª Categoría	.29,50	14,75
- 2ª Categoría	14,475	7,95

## **7.- ABONADO PISCINA:**

### 7.1.-Abono Piscina (individual)

- Cota Mensual	15,35 €
- Cota Anual	168,65 €

### 7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

- Cota Mensual	10,20 €
- Cota Anual	112,40 €

Aplicarase unha bonificación do 25% sobre os prezos establecidos neste epígrafe 7 aos usuarios que acrediten estar empadroados en Vigo.

## **ARTIGO 12. PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA.**

### 1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	33,75 €
1.2. Menores/mes	21,55 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios abonados as piscinas.

### 2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumno/mes

2.1. Grupo colexios	7,55 €
2.2. Outros programas	13,90 €

### 3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais: 43,15 €/alumno/curso

Actividades. medio acuático e escalada (un só prazo): 111,20€/alumno/curso (13,90 € x 8 meses).

## **ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS.**

### 1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓNS E SIMILARES.

Instalacións deportivas	8,75 €/hora
Piscinas cubertas	87,90 €/hora

### 2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas	17,20 €/hora
Piscinas cubertas (enteira)	204,40 €/hora
Piscina Cuberta (por rúa)	34,75 €/hora

### 3. RENOVACIÓN DO CARNÉ

Renovación do carné	2,05 €
---------------------	--------



#### 4. SALAS DE REUNIÓN:

Sala de reunión: 2,60 €/hora

#### 5. FIANZAS:

5.1. Por uso de chave de vestuario 5,10 €

5.2. Por uso de instalacións 20,45 €

5.3. Por cesión de material 306.60 €

#### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria previo ditame pola Comisión Informativa de Facenda, co correspondente trámite de audiencia para emendas segundo o Regulamento Orgánico do Pleno.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicárase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

#### **16(763).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O “SERVIZO VIGOZOO”. EXPTE: 2415/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta o “VigoZoo”, para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en

conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### **Condicionantes específicos.**

Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL *“O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo VIGOZOO para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.634.097,86 € e os ingresos ascenderían a 300.000 €.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualizase as tarifas do artigo 4 nun 2,2%, actualizase o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa nun 3,3% e suprimense determinados epígrafes da tarifa por motivos de carácter organizativo segundo consta en informe de data 14 de xullo de 2017 da Concellería de Medioambiente e Vida Saudable.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

#### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA O "VIGOZOO" (53), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### **ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constituirá o feito imponible destas taxas os servizos que presta "VIGO-ZOO".

#### **ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

*Modifícase o apartado b) e elimínase o segundo parágrafo.*

*Modifícanse os apartado c) e f) e suprimise o segundo parágrafo do f).*

*Suprímese o g) e o h) anterior pasa a g).*

*Suprímense i) e j).*

**b)** As visitas escolares programadas de colexios que imparten ensino regrado radicados no termo Municipal de Vigo; así mesmo, colexios radicados noutros termos Municipais nos que os seus Concellos colaboren na financiación do “Servizo VigoZoo”.

A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Departamento de Educación de VigoZoo.

**c)** Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

**f)** Asociacións locais sen ánimo de lucro que, contando con autorización previa da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, persigan fins benéfico-sociais e estean debidamente inscritas no Rexistro.

g) suprímese

**g)** (antes h) Os monitores de discapacitados.

i) suprímese

j) suprímese

## **2. BONIFICACIÓNS:**

*Modifícase o apartado b2) e suprímese o b4)*

b.2.- As visitas de grupos organizados. Considerarase como grupo organizado aquel que teña previa reserva organizada e programada polo Departamento de Educación de VigoZoo, debendo contar cun mínimo de 20 persoas. A bonificación aplicarase a cada un dos compoñentes en función da súa idade.

b4) suprímese completo.

## **ARTIGO 4. COTAS.**

*Modifícanse os puntos 1) e 2) e suprímese o apartado d).*

*Modifícase o punto 3) e suprímense os apartados 4) e 5).*

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinarase con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (laborales) 2,55 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos) 3,10 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive  
(laborales) 5,10 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive .  
(sabados tarde, domingos e festivos) 6,10 €

e) Abono anual persoal e intransferible:  
- Bono familiar (familias de hasta 5 membros  
e cuxos fillos non superen os 18 anos). 30,40 €  
- Bono individual 18,20 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante: 2,00 €

g) Grupos organizados adultos: 4,00 €

2. Tarifa reducida:  
- Por cada persoa: 1,70 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

- a) Persoas con carné xove.
- b) Discapacitados.
- c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.
- d) suprímese.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

- a) Menos de 4 horas 73,10 €
- b) Por cada xornada 219,40 €

4. suprímese

5. suprímese

#### **ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO.**

*Modifícanse os apartados a) e c).*

a) Visitas de grupos organizados, nas que o ingreso farase en calquera Entidade Bancaria na que teña conta aberta o Concello de Vigo. A copia que deberá achegarse á solicitude de visitas, na que figura o número de participantes, deberá remitirse a Vigo-Zoo cunha antelación de dous días como mínimo á data na que se produzan.

c) As correspondentes ao apartado 3) do artigo 4 anterior aboaranse na forma na que se indique no acordo no que se autorizan.

#### **DISPOSICIÓNS FINAIS.**

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **17(764).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE: 2412/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, Rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais" para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

#### **Condicionantes xerais.**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que "*as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario*".

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o "bloque da constitucionalidade": artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL).

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### **Condicionantes específicos.**

*Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL “O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente a estimación do custe unitario para o exercicio 2018 ascendería a 1,1168 €/m<sup>3</sup> en tanto que a tarifa media para o exercicio 2017 sería de 1,0155 €/m<sup>3</sup>.

No presente expediente propónse unha actualización de tarifas dun 2,2% coa que a cobertura do custe total realizaríase con cargo ás taxas nun 92,93%.

#### **Modificacións na Ordenanza.**

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas I, II, III e IX do artigo 5 nun 2,2%.

#### **Informe sobre o impacto de xénero.**

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte por esta taxa. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### **Tramitación da modificación.**

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### **ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

"MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" (60),  
QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO  
SEGUE:

### **ARTIGO 5. TARIFAS**

*Modifícanse as Tarifas I, II, III e IX.*

#### **TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO.**

- Cota de aboamento ao servizo 3,80 €/usuario/mes

#### **TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS.**

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3848 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5068 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5149 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8786 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8936 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1687 €/m3



B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,7301 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	1,0694 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	1,1026 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	1,3382 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,3802 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,4511 €/m <sup>3</sup>

**TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.**

A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,4183 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,5429 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,5494 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 70 ata 100 m <sup>3</sup>	0,8480 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 100 ata 200 m <sup>3</sup>	0,8567 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 200 m <sup>3</sup>	0,9716 €/m <sup>3</sup>

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m <sup>3</sup>	0,6526 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 30 ata 50 m <sup>3</sup>	0,8235 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 50 ata 70 m <sup>3</sup>	0,8368 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 70 ata 200 m <sup>3</sup>	1,0299 €/m <sup>3</sup>
Ídem de 200 ata 500 m <sup>3</sup>	1,1567 €/m <sup>3</sup>
Exceso de 500 m <sup>3</sup>	1,3324 €/m <sup>3</sup>

**TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA.**

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0,002278 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002278. (Ø<sup>2</sup>) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3850 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm.	40,5258 €
Contador de 15 mm.	44,7611 €
Contador de 20 mm.	54,5416 €
Contador de 25 mm.	93,8938 €
Contador de 30 mm.	131,2899 €
Contador de 40 mm.	203,3063 €
Contador de 50 mm.	451,0195 €
Contador de 65 mm.	558,3454 €
Caixa de Rexistro, unidade	13,2705 €

**DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

## **18(765).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS.**

Dáse conta das seguintes, Sentenzas, Autos e Decretos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expediente nº 9151/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 201/2015. Obxecto: reclamación responsabilidade patrimonial por dereito a xubilación parcial. Expte: 26681/220. Desestimado o recurso.

b) Expediente nº 9464/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 548/2015. Obxecto: Resolución do TEA do 24/08/15 desestimatoria da reclamación formulada contra desestimación do R/R interposto contra providencia de apremio IBI 2014. Expte.3876/550-26552/700. Desestimatoria. (Comunicada na X.G.L. do 22 de abril de 2016).

Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Recurso apelación 15006/2017. Desestima o recurso de apelación da T.X. da Seguridade Social contra a sentenza de instancia.

c) Expediente nº 9621/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de VIGO. Obxecto: Despido obxectivo individual, despedimento improcedente con condena a Interparking H.S.A. e absolución do Concello.

Sentenza do TSXG, Sala do Social. Suplicación 882/2017 do 26 de maio de 2017. Resolve o recurso de suplicación de Interparking contra a sentenza de instancia desestimando integramente o recurso, con condena en custas.

d) Expediente nº 9671/111. Sentenza do X. do Mercantil nº 3 de PONTEVEDRA-VIGO no Procedemento: 435/2015. Obxecto: Aprobación convenio nº 120 do 2 de xuño de 2017. Aprobada a proposta de convenio que presentou a concursada Prazadouro S.L.

e) Expediente nº 9765/111. Auto do TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2 de A CORUÑA no Procedemento: 4194/2016. Obxecto: Anuncio no Diario da Unión Europea de data 28/11/2015 sobre licitación do servizo de mantemento alumado público. Inadmite o recurso.

f) Expediente nº 9945/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento: 408/2016. Obxecto: Acordo XGL do 03/06/2016 que declarará resolta a autorización en precario para tobogán acuático na praia de Samil. Desestimado o recurso.

g) Expediente nº 10026/111. Auto do TSX Galicia, Sala do Social, Sección nº 2 de CORUÑA no Procedemento: 4372/2016. Obxecto: Resolución do 24/06/2016 ditada no expte do TACRC expte nº 484/2016. Inadmitido o recurso.

h) Expediente nº 10319/111. Sentenza do X. do Social (Reforzo) nº 5 no Procedemento: 1021/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimada a demanda.

i) Expediente nº 10409/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 63/2017. Obxecto: Resolución de embargo nº 1515841 ditada nos expedientes iniciados por infraccións de tráfico. Estimado parcialmente o recurso.

k) Expediente nº 10419/111. Decreto do X. do Social nº 5 de VIGO no Procedemento: 202/2017. Obxecto: incumprimento da lei de prevención de riscos laborais e consecuentemente incumprimento do dereito á protección do dereito á saúde psíquica. Acepta o desestimento do actor.

l) Expediente nº 10458/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 66/2017. Obxecto: Resolución do 29/12/2016 pola que se da conta do contido dos acordos da XGL do 18/03/2016 sobre pagamento de produtividade ao superintendente xefe da Policía Local de Vigo. Desestimado o recurso.

m) Expediente nº 10459/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 82/2017. Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 21/01/16 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra liquidación do IBI. Expte. 41041-512. Desestimado o recurso.

n) Expediente nº 10460/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 87/2017. Obxecto: Resolución do 09/12/16 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra o Decreto do 28/09/16, imposición sanción. Desestimado o recurso.

o) Expediente nº 10475/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 104/2017. Obxecto: Resolución do 2-3-2017 pola que se desestima recurso contra Resolución 21-12-2016. Expte(s): 168684878. Estimado o recurso.

p) Expediente nº 10482/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento: 87/2017. Obxecto: Desestimación do recurso de reposición por imposición sanción. Expte(s): 168661692. Desestimado o recurso.

q) Expediente nº 10508/111. Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 128/2017. Obxecto: Resolución do concelleiro de Seguridade o 27-1-2017 desestimatoria do R. Reposición contra expediente nº 168619471. Declara rematado o procedemento por desaparición sobrevida do obxecto.

r) Expediente nº 10509/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de VIGO no Procedemento: 287/2017. Obxecto: Despido por vulneración de dereitos fundamentais. Estimado o recurso.

s) Expediente nº 10518/111. Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 134/2017. Obxecto: Acordo XGL do 24-2-2017 e posterior rectificación por acordo do 28-2-2017 no que se acorda "cese persoal laboral indefinido non regularizado, tras a finalización dos procesos selectivos O.E.P. 2010/2011". Expte(s): 29496/220. Arquivado o procedemento.

t) Expediente nº 9390/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 472/2015. Obxecto: Resolución de data 02/06/2015 desestimatoria da reclamación de RPA. Expte(s): 4236-243.

Sentenza do TSXG., Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 1ª Apelación 414/2016 Sentenza N.º 317. Desestima o recurso de apelación.

u) Expediente nº 9636/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 68/2016. Obxecto: Rectificación inventario solicitada respecto do Camiño Pugariño, Teis. Expte(s): 1734/244. Desestimado o recurso.

v) Expediente nº 9809/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento: 282/2016. Obxecto: Denegación presunta por silencio administrativo ao requirimento previo á vía contenciosa formulado o 25/04/2016 por embargo na c c.

Sentenza do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Apelación 4100/2017. Desestimado o recurso.

w) Expediente nº 9910/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 724/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimada parcialmente a demanda. Absolto o Concello.

z) Expediente nº 9911/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 725/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.a) Expediente nº 9925/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 731/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.b) Expediente nº 9926/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 735/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.c) Expediente nº 9927/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 730/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.d) Expediente nº 9929/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 744/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.e) Expediente nº 9930/111. Decreto nº 237 do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 745/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Declara o desistimento da actora.

a.f) Expediente nº 9931/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 746/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.g) Expediente nº 9934/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de VIGO no Procedemento: 747/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.h) Expediente nº 9955/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 732/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

14.- Expediente nº 9956/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 733/2016. Obxecto: Reclamación de Cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.i) Expediente nº 9957/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 741/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.k) Expediente nº 9958/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 742/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.l) Expediente nº 9971/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 750/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.m) Expediente nº 9972/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 751/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.n) Expediente nº 9973/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 752/2016. Obxecto: Reclamación de Cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.ñ) Expediente nº 9974/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 761/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.o) Expediente nº 9975/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 762/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.p) Expediente nº 9976/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 771/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.q) Expediente nº 9977/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 756/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.r) Expediente nº 9979/111. Decreto do X. do Social nº 2 de Vigo no Procedemento: 661/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Desestimento da actora.

a.s) Expediente nº 9990/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 760/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.t) Expediente nº 9994/111. Sentenza do X. do Social nº 5 de Vigo no Procedemento: 734/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.u) Expediente nº 10006/111. Sentenza do X. do Social nº 3 de Vigo no Procedemento: 758/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.v) Expediente nº 10009/111. Sentenza do X. do Social nº 5 de Vigo no Procedemento: 760/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.w) Expediente nº 10056/111. Sentenza do X. do Social nº 5 de Vigo no Procedemento: 759/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

a.z) Expediente nº 10059/111. Decreto do X. do Social nº 4 de Vigo no Procedemento: 765/2016. Obxecto: Reclamación de Cantidades. Desestimento da actora.

b.a) Expediente nº 10428/111. Sentenza do X. do Social nº 1 de VIGO no Procedemento: 154/2017. Obxecto: Rreclamación de cantidades. Estimación parcial. Absolto o Concello.

b.b) Expediente nº 10461/111. Sentenza do X. do Social nº 2 de VIGO no Procedemento: 151/2017. Obxecto: Reclamación de cantidades. Estimada a demanda. Absolto o Concello.

b.c) Expediente nº 10483/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 95/2017. Obxecto: Desestimación presunta de RPA no expediente 4780-243 por danos no vehículo. Expte(s): 4780-243. Desestimado o recurso.

b.d) Expediente nº 10492/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 105/2017. Obxecto: Contra resolución do Tea de data 31-8-2016, pola que se desestima reclamación interposta contra R. Reposición desestimatorio ( IIVTNU). Expte(s): 4197-550 e 32521-502. Estimado o recurso.

b.e) Expediente nº 10496/111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 106/2017. Obxecto: Resolución do Tea de data 31-8-2016 pola que se desestima reclamación. Económico-Administrativa contra desestimación R. Reposición. Expte(s): 4196/550 - 32520/502. Estimado o recurso.

b.f) Expediente nº 10497/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 111/2017. Obxecto: Resolución do Tea do 31-8-2016 pola que se desestima reclamación Económica - Administrativa contra desestimación R. Reposición. Expte(s): 32523/502 - 4199-550. Estimado o recurso.

b.g) Expediente nº 10498/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 112/2017. Obxecto: Resolución de Tea de data 21-8-2016 pola que se desestima reclamación Económica-Administrativa contra desestimación R.Reposición. Estimado o recurso.

b.h) Expediente nº 10499/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 113/2017. Obxecto: Resolución do Tea de data 31-08-2016 pola que se desestima reclamación Económica - Administrativa contra desestimación R. Reposición. Expte(s): 4195/550 - 32519/502. Estimado o recurso.

b.i) Expediente nº 10504/111. Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO no Procedemento: 97/2017. Obxecto: Resolucións ditadas o 9-12-2016 que desestiman R. Reposición contra acordos de data 9-8-2016. Expte(s): 158657315 e 168600588. Estimado o recurso.

b.k) Expediente nº 10517/111. Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO no Procedemento: 133/2017. Obxecto: Resolución que desestima a reclamación por lesións sufridas por caída na R/ Casal, 17 en Sampaio en setembro do 2014. Inadmitido o recurso.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno queda informada.

### **19(766).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS. 2017. EXPTE. 1310/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/07/17 e informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 7/07/17,

asinado polo xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Con data 23 de xuño pasado, a Sociedade Filarmónica de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 6 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización da programación anual de concertos para 2017, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 18.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 do orzamento municipal vixente.*

#### ANTECEDENTES.-

*A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.*

#### PROGRAMA E ORZAMENTO

*A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:*

*11 de xaneiro: Cuarteto de Zagreb  
12 de xaneiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
26 de xaneiro: Real Filharmonía de Galicia  
2 de febreiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
6 de febreiro: Noite de Zarzuela no Café concerto  
24 de febreiro: Real Filharmonía de Galicia  
6 de marzo: Saint Martin in the Fields Ensemble  
30 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
7 de abril: Real Filharmonía de Galicia  
17 de abril: OSG Sinfonietta  
20 de abril: Orquestra Sinfónica de Galicia  
24 de abril: Dúo Ambroa J.A. Álvarez Parejo  
4 de maio: Orquestra Sinfónica de Galicia  
15 de maio: Andrea Turinni (piano)  
25 de maio: Real Filharmonía de Galicia  
5 de xuño: Sergey Yerokin (piano)  
12 de xuño: Sax Ensemble  
2 de outubro: Quinteto Bussi e Bandoneón  
19 de outubro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
26 de outubro: Real Filharmonía de Galicia  
6 de novembro: Rosinski Camerata  
16 de novembro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
30 de novembro: Real Filharmonía de Galicia  
4 de decembro: Luz en el aire  
14 de decembro: Real Filharmonía de Galicia  
21 de decembro: Orquestra Sinfónica de Galicia*



A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 107.559,28 € (cento sete mil cincocentos cincoenta e nove euros con vinteoito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (16,73 %)
- Cotas de socios: 86.625 € (80,54 %)
- Aportación entidade: 2.934,28 € (2,73 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito asinado polo presidente da SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación anual de concertos para 2017.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO para a organización da programación anual de concertos para o presente exercicio, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da

entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos para 2017 e figura na aplicación **3340.480.00.06** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 18.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

“PRIMEIRO.- Aprobado a concesión directa da subvención de 18.000€ (dezaoito mil euros) á asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos para o exercicio 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 “CONVENIO SOCIEDAD FILARMÓNICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa anual de concertos durante o exercicio 2017.”

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS PARA O EXERCICIO 2017.

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete

### REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### MANIFESTAN

*I.- Que a **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, como medio de divulgación musical entre toda a cidadanía.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.06, como subvención nominativa, a favor da **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, a cantidade de 18.000 euros.*

*IV.- Que a **SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de*

*forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa anual de concertos durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 107.559,28 € (cento sete mil cincocentos cincuenta e nove euros con vinteito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (16,73 %)
- Cotas de socios: 86.625 € (80,54 %)
- Aportación entidade: 2.934,28 € (2,73 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:

11 de xaneiro: Cuarteto de Zagreb  
12 de xaneiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
26 de xaneiro: Real Filharmonía de Galicia  
2 de febreiro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
6 de febreiro: Noite de Zarzuela no Café concerto  
24 de febreiro: Real Filharmonía de Galicia  
6 de marzo: Saint Martin in the Fields Ensemble  
30 de marzo: Real Filharmonía de Galicia  
7 de abril: Real Filharmonía de Galicia  
17 de abril: OSG Sinfonieta  
20 de abril: Orquestra Sinfónica de Galicia  
24 de abril: Dúo Ambroa J.A. Álvarez Parejo  
4 de maio: Orquestra Sinfónica de Galicia  
15 de maio: Andrea Turinni (piano)  
25 de maio: Real Filharmonía de Galicia  
5 de xuño: Sergey Yerokin (piano)  
12 de xuño: Sax Ensemble  
2 de outubro: Quinteto Bussi e Bandoneón  
19 de outubro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
26 de outubro: Real Filharmonía de Galicia

6 de novembro: Rosinski Camerata  
16 de novembro: Orquestra Sinfónica de Galicia  
30 de novembro: Real Filharmonía de Galicia  
4 de decembro: Luz en el aire  
14 de decembro: Real Filharmonía de Galicia  
21 de decembro: Orquestra Sinfónica de Galicia

#### CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino San Luís Costas, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

- Xestionar o pagamento do importe da subvención (18.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do convenio, que se tramitará previa solicitude polo Rexistro Xeral, xunto á documentación xustificativa, polo importe xustificado correspondente ás actuacións do programa que se teñan realizado ata ese momento e como máximo o 50% do importe subvencionado.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento, previa solicitude polo Rexistro Xeral e antes do 30 de novembro de 2017, polo importe xustificado restante ata o importe máximo estipulado no presente convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades nos prazos indicados
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN



A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ANEXO I ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS 2017

1.- GASTOS:

Actividades e concertos	81.450 €
Dereitos de autor-Sgae	6.322,60 €
Gastos secretaría	4.800 €
Gastos mantemento	5.197,05 €
Imprenta	3.746,75 €
Seguros e imposto	2.882,88 €
Afinacións e reparación piano	3.160 €
TOTAL GASTOS	107.559,28 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	18.000 €
Cotas de socios	86.625 €
Aportación da entidade	2.934,28 €
TOTAL INGRESOS	107.559,28 €

**20(767).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "OTOÑO LÍRICO". 2017. EXPTE. 1313/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/07/17 e informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 7/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 6 de xullo pasado, a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 7 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do "OTOÑO LÍRICO 2017" , e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Teatro-Sala de concertos de Afundación, según o seguinte:

**Domingo 8 de outubro, ás 19:30 h**  
**LA SONNAMBULA**

Teatro Afundación Vigo

**Sábado 14 de outubro, ás 20:30 h**

*TROUBLE IN TAHITÍ*

Teatro Afundación Vigo

**Domingo 5 de novembro, ás 19:30 h**

*RIGOLETTO*

Teatro Afundación Vigo

**5, 10, 19, 31 de outubro e 7 de novembro, ás 20:00 h**

**CONFERENCIAS**

Sala conferencias do Centro Social Afundación

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 130.000 € (cento trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 50.000 € (38,46 %)
- Xunta de Galicia: 15.000 € (11,54 %)
- Previsión ingresos venda entradas: 47.000 € (36,15%)
- Patrocinios: 3.000 € (2,31 %)
- Aportación da entidade: 15.000 € (11,54 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro RC e recibo de pagamento
- Escrito da asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á organización e realización do "OTOÑO LÍRICO 2017".

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO para a organización e realización do "OTOÑO LÍRICO 2017", obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de

subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO ten como obxecto financiar a organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2017” e figura na aplicación **3340.480.00.05** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 50.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 50.000€ (cincoenta mil euros) á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, CIF. G36622116, para o financiamento da organización e realización do “OTOÑO LÍRICO 2017”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.05 “CONVENIO AMIGOS DA ÓPERA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “OTOÑO LÍRICO 2017”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “OUTONO LÍRICO 2017”.**

En Vigo, \_ de \_\_\_\_ de dous mil dezasete

### **REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Daniel Diz Portela, na súa condición de vicepresidente da Asociación Amigos de la Ópera de Vigo (CIF: G36622116) con enderezo social na rúa Venezuela, 22, 1º B, CP 36203, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

### **MANIFESTAN**

*I.- Que a **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIA-***

**CIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**, como medio que é de promover a ópera na cidade.

**III.-** Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO**, a cantidade de 50.000 euros.

**IV.-** Que a **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

**V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de actividades do "OUTONO LÍRICO 2017", que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 130.000 € (cento trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 50.000 € (38,46 %)
- Xunta de Galicia: 15.000 € (11,54 %)
- Previsión ingresos venda entradas: 47.000 € (36,15%)
- Patrocinios: 3.000 € (2,31 %)
- Aportación da entidade: 15.000 € (11,54 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

**Domingo 8 de outubro, ás 19:30 h**

LA SONNAMBULA

Teatro Afundación Vigo

**Sábado 14 de outubro, ás 20:30 h**

*TROUBLE IN TAHITÍ*

Teatro Afundación Vigo

**Domingo 5 de novembro, ás 19:30 h**

*RIGOLETTO*

Teatro Afundación Vigo

**5, 10, 19, 31 de outubro e 7 de novembro, ás 20:00 h**

**CONFERENCIAS**

Sala conferencias do Centro Social Afundación

#### **CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA. Daniel Diz Portela, vicepresidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.



–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (50.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 30 de novembro de 2017
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

**ANEXO I**  
**ORZAMENTO DO PROGRAMA**  
**“OUTONO LÍRICO 2017”**

**1.- GASTOS:**

Coste “Rigoletto”	50.000 €
Aluguer Teatro para “Rigoletto”	7.070 €
Coste “La Sonnambula”	32.000 €
Aluguer Teatro para “La Sonnambula”	1.936 €
Coste “Trouble in Tahiti”	10.000 €
Aluguer Teatro para “Trouble in Tahiti”	1.936 €
Coste Conferencias	4.100 €
Publicidade	10.500 €
Servizo Taquilla telefónica	2.250 €
Viaxes e hoteis de artistas	3.570 €
Carga e descarga para óperas	2.638 €
Aluguer imaxen e son	2.000 €
Dietas do elenco das óperas	2.000 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>130.000 €</b>

**2.- INGRESOS:**

Subvención Concello de Vigo	50.000 €
Subvención Xunta de Galicia	15.000 €
Previsión ingresos venda entradas	47.000 €
Patrocinios	3.000 €
Aportación da entidade	15.000 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>130.000 €</b>

**21(768).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE". EXPTE. 13874/77.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta de data 21/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

- 1.- *Aprobar a memoria e o resumo do proxecto "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE", que se achegan no anexo I para presentar á "Convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil", convocada polo "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".*
- 2.- *Solicitar á "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES", dentro da "Convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil", unha axuda por importe de 839.142,69 € que se corresponde co 80% do total do proxecto (1.048.928,36 €) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.*
- 3.- *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados polo "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".*
- 4.- *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante do "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".*

Con data do 20 de xullo de 2017, o BOE ven de publicar "Resolución de 6 de julio de 2017, de la Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales, por la que se resuelve la convocatoria 2017 de ayudas del Fondo Social Europeo, destinadas a la integración sostenible de personas jóvenes en el mercado de trabajo, en el contexto del Sistema Nacional de Garantía Juvenil.", do "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".

A resolución supón a aceptación do proxecto "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE", presentado polo Concello de Vigo co número de proxecto **1120**, con un importe elexible inicial de 1.048.928,35 €, importe elexible concedido de 1.048.928,35 € e unha axuda máxima concedida de 963.860,26 €, o que supón a aceptación do proxecto na súa totalidade, conforme ao orzamento enviado, polo que non é preciso realizar ningún axuste.

A cláusula cuarta da resolución establece "No prazo de dez días, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no «Boletín Oficial del Estado», as entidades beneficiarias deberán comunicar ao Organismo Intermedio a aceptación expresa da axuda, mediante a firma electrónica a través da aplicación informática AP-POEJ do correspondente

documento electrónico, entendéndose que renuncian á mesma se non se asina dita aceptación en prazo...”

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do 6 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se resolve a convocatoria 2017 de axudas do Fondo Social Europeo, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, publicada no B.O.E. De 20/07/2017, para a realización do proxecto “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”, con un importe elexible concedido de 1.048.928,35 € e unha axuda máxima concedida de 963.860,26 €.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”, conforme ao establecido na Orde HAP/1337/2016, do 27 de xullo, pola que se aproban as “bases reguladoras das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(769).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO. EXPTE. 3546/443.**

Visto o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/07/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle dentro do programa “funcionamento de centro docentes de ensinanza” a aplicación orzamentaria 3230.6220005 “Cubrición de patios de colexios”

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08/02/2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 9.579,82€ para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de D. Ángel Santorio Cuartero.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (274.999,99€) e data maio de 2017.

4. O Enxeñeiro da Edificación municipal/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 14/7/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do



contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 17/7/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación prevista nesta fase terá lugar no colexio público sito na rúa Rocío, nº 70, Vigo. As obras a executar se enumeran a seguir:

Efectuaranse os correspondentes cortes no muro perimetral do colexio, coa finalidade de poder embutir as zapatas e vigas de arriostramento, utilizando medios mecánicos, segundo determina o proxecto. Reforzándose o conxunto do muro por medio da colocación dunha malla de emparillado metálico e dun revestimento de acabado exterior de morteiro de cemento.

Posterior execución de zapatas e vigas de atado de formigón armado tipo HA-25 N/mm<sup>2</sup>, con aceiro B-400-S-CN, previa base ou capa de limpeza de formigón de 10 cm de espesor para regularización da base.

Sobre ditas zapatas e coas correspondentes placas de anclaxe, colocáranse pilares e vigas de perfís metálicos, coas correspondentes cartelas e rixidizadores, con estrutura de perfís en testeiro, segundo determina no proxecto. A cuberta é a base de perfís autoportantes e chapa de aceiro ondulada con acabado lacado e protección anticorrosión, anclada con tornillos inox, co seu correspondente canalón de recollida de augas, baixantes e conexión a rede de pluviais perimetral existente, e p.p de frontes decorativos en laterais e fronte.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

6. A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 17 de xullo de 2017, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- O Alcalde-Presidente en data 13.01.2017 resolveu delegar no Concelleiro Delegado da Fomento, Contratación e Limpeza, D. David Regades Fernández, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de: Cubrición de patios de colexios.- Aplicación orzamentaria: 3230.6220005

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO”, de data maio de 2017, redactado polo Arquitecto D. Ángel Santorio Cuartero, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de DOUSCENTOS SETENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (274.999,99 EUROS)

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(770).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E REQUIRIMENTO AO RC CELTA DE VIGO DO PAGAMENTO DAS FACTURAS POLA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA ÁS INSTALACIÓNS UTILIZADAS NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO 2016. EXPTE. 4104/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/05/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico dos Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa. Este convenio foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009.

2. No dito convenio establécese, canto ao pago dos consumos de enerxía eléctrica que: «O Real Club Celta deberá abonar tódolos gastos que se deriven do uso que realice o Club das instalacións autorizadas, entre os que se inclúe expresamente os de electricidade e auga, quedando expresamente excluídos os gastos que se ocasionen por terceiros tanto no uso

das mesmas instalacións noutros eventos nos que participa o Club como no uso simultáneo e que son alleos o Celta»; que «Para distinguir os consumos que deberá asumir o Club, se instalarán polo Concello contadores separados e independentes que funcionarán exclusivamente durante o uso autorizado das instalacións que realice o Club, de este xeito que así se evite a repercusión sobre o Club daqueles consumos derivados do uso de terceiros das mesmas ou outras instalacións anexas»; e que «En todo caso os consumos que son asumidos polo Club non inclúen os que se derivan da obriga de mantemento das instalacións que corresponden ao Concello, segundo o establecido na cláusula quinta deste convenio, na medida en que ditos consumos derivan da obriga da obriga de mantemento do Concello como titular das instalacións. En particular non serán pola conta do Club os consumos que deriven do mantemento do terreno de xogo de Balaídos, que tal e como resulta do Convenio corresponden integramente ao Concello».

**3.** Instalado no ano 2014 o contador independente para as instalacións do Estadio de Balaídos non utilizadas polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D., o Club rexeitou o pago das facturas polos consumos de enerxía eléctrica das instalacións que si utiliza, correspondentes aos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2016 (facturas nº PI1614000095059, PI1614000152925, PI 1614000200430, PI1614000255069 e PI 1614000306937), por importe total de 43.553,20 euros, e a compañía subministradora de electricidade, ante o impago do Real Club Celta de Vigo, S.A.D., a medio de dous escritos 1 de xuño e 1 de decembro de 2016, reclamou o pago do Concello de Vigo; escritos que se tramitaron como expedientes núms. 4104/440 e 4224/440.

**4.** Con data 29 de setembro de 2016, o Asesor Xurídico da Área de Fomento, en relación co primeiro escrito da subministradora, emitiu informe sobre o dito rexeitamento de pago polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D., no que conclúe que:

«1º.- O Concello de Vigo é o titular do contrato de subministro de enerxía eléctrica do Estadio Municipal de Balaídos asinado con “Unión Fenosa Distribución, S.A.” sen prexuízo de que de conformidade co previsto no artigo 79 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, o contrato do subministro é persoal e o seu titular deberá ser o efectivo usuario da enerxía (neste caso, o Real Club Celta de Vigo).

Por isto, o artigo 83 seguinte establece que o consumidor que está ao corrente do pago, poderá traspasar o contrato a outro consumidor que vaia a facer uso do mesmo en idénticas condicións. O titular o porá en coñecemento da empresa distribuidora mediante comunicación que permita ter constancia a efectos da expedición do novo contrato. Neste caso corresponderíalle ao Concello como titular do contrato comunicar á distribuidora que o consumidor da enerxía é o Real Club Celta de Vigo e achegar copia do convenio co Club para que se expedira un novo contrato ao seu nome.

2º.- Sen embargo, non consta no expediente que o Concello teña tomado a anterior iniciativa, polo que como actual titular do contrato, terá que facerse cargo do pago da enerxía do Estadio Municipal de Balaídos, ao non facelo o Real Club Celta de Vigo, anterior pagador, para evitar a suspensión do subministro. O anterior, sen prexuízo de que, a continuación, deba requirir ao Club o pago do importe aboado, de conformidade co previsto na cláusula cuarta do convenio e se o requirimento non fora atendido, aplicar as previsións ao efecto contidas no mesmo.

3º.- En canto á suspensión do subministro e de conformidade co previsto no artigo 85.2 do citado decreto, só procederá transcorridos catro meses dende o primeiro requirimento fehaciente de pago se non se tivera feito efectivo; é dicir, nunca antes do 1 de decembro próximo, xa que como recoñeceu a propia subministradora a través de correo electrónico de data 17 de agosto pasado, o requirimento fehaciente fíxose con data 1 de agosto anterior.»

5. De acordo co dito informe e toda vez que como titular do contrato de subministro de enerxía eléctrica a que se refiren as facturas figura aínda esta Administración municipal, a prestadora do subministro, seguindo as instrucións do Xefe de Área de Servizos Xerais, presentou, con datas 14 de outubro e 13 de decembro de 2016, ao pago neste Concello de Vigo as ditas facturas; pago que foi realizado por esta Administración municipal a medio de ordes de pago número 201600100685, 201600100686, 201600124551, 201600124552, 201600124553.

6. De todo o actuado nos devanditos expedientes núms. 4104/440 e 4224/440 desuse vista, en trámite de audiencia, ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D., quen, con data 3 de marzo de 2017, presentou escrito de alegacións, no que aduce: (i) que, conforme ao disposto no punto 5º da cláusula segunda, da modificación do ano de 2009 do convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo S.A.D. e o Concello para o uso do estadio de Balaídos, o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. deberá abonar o consumo da enerxía eléctrica no Estadio, a excepción da xerada polo mantemento do campo (rego e/ou outras), para o cal o Concello de Vigo deberá instalar contadores independentes que regulen e controlen dito consumo, sen que ata esta data tales contadores independentes se teñan instalado, polo que resulta imposible o cumprimento do convenio por causa unicamente imputable ao Concello devindo, daquela a reclamación improcedente; (ii) que hai máis de dous anos que se están a desenvolver no estadio obras de remodelación que consumen enerxía eléctrica, cuxo custe se inclúe presumiblemente na factura e que tampouco correspondería ao RC Celta; (iii) que existe un compromiso polo cal o Concello asumiría o pago da enerxía eléctrica e o Club o pago do cambio do céspede e o mantemento do mesmo. Dito acordo foi executado por parte do Club e non por parte do Concello. O RC Celta de Vigo ten desembolsado máis de 450.000 euros como consecuencia da asunción do mantemento do céspede, o que se non se considera o acordo alcanzado, antes mencionado, terían que ser asumidos polo Concello de Vigo.

7. As ditas alegacións foron obxecto de informe e rexeitadas polos servizos técnicos municipais.

8. Así, canto a separación de consumos de electricidade, o Xefe da Área de Servizos Xerais, con data 4 de abril de 2017, informa que:

*«A separación de subministros foi realizada, aceptandoa o R.C. Celta como tal, xa que a partir da data agosto de 2015 efectuou esta entidade deportiva, a aceptación do pago das facturas correspondentes ao consumo eléctrico exclusivo das súas instalacións ao realizar previamente o cambio de titular de pago do suministro CUPS ES0022000004979818EY1P».*

9. No que se refire á inclusión nas facturas de referencia dos consumos eléctricos derivados das obras de rehabilitación que se están a realizar no estadio de Balaídos, a dirección facultativa das obras, con data 8 de maio de 2017, informa que:

*«II.- As únicas obras que se veñen realizando polo Concello de Vigo no Estadio Municipal de Balaídos no último ano, son as derivadas do expediente 3392/440, obras de reforma da cuberta e grada de Tribuna do Estadio de Balaídos. Fase II.*

III.- Revisado o estado do consumo eléctrico por parte da obra, compre informar que por parte da mercantil adxudicataria das mesmas, S.A. de Obra y Servicios Copasa, procedeuse a realizar os contratos necesario para o subministro eléctrico da obra con FENIE ENERGIA S.A., sendo a empresa distribuidora Unión Fenosa Distribución S.A., estando por tanto absolutamente diferenciados os consumos da obra, que foron abonados pola mercantil adxudicataria, e os consumos do Estadios Municipal de Balaídos.

Adxúntanse ao presente informe:

- Escrito da mercantil S.A. de Obras y Servicios Copasa concesaria das obras.
- Boletín de instalación eléctrica luz de obra.
- Certificado da instalación eléctrica de luz de obra.
- Orzamento de Unión Fenosa para os traballos de reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo e de nova extensión de rede e os seus xustificantes de pago.
- Contrato de subministro de enerxía eléctrica de COPASA coa empres FENIE.
- Certificado da empresa subministradora FENIE de estar ao corrente de pagos.
- Facturas de FENIE enerxía».

10. Por último, no que atinxe á existencia dun compromiso polo cal o Concello asumiría o pago da enerxía eléctrica e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. o pago do cambio do céspede e o mantemento do mesmo, o Xefe da Área de Investimentos, con data 24 de marzo de 2007, emitiu informe, do que interesa destacar o que segue:

«O Real Club Celta de Vigo SAD, a través do escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo con data de 22 de xaneiro de 2016, solicita autorización para a realización dunha actuación extraordinaria de substitución do actual terreo de xogo do estadio municipal de Balaidos, por un novo terreo de xogo de herba natural. Dita proposta recolle o compromiso por parte do Real Club Celta de Vigo SAD de asumir todas as responsabilidades vinculadas coas obrigas contractuais, técnicas e económicas derivadas desta actuación. Así mesmo se recolle o compromiso de asumir todas as necesidades posteriores derivadas dos procesos de mantemento e conservación do terreo de xogo.

(...)

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xaneiro de 2016 (...)

(...) aprobou (...):

Primeiro: Autorizar o Real Club Celta de Vigo SAD, a realización das actuacións necesarias para a substitución do actual terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos, por un novo terreo de xogo de herba natural. Dita actuación poderá ser desenvolta de forma inmediata e baixo a responsabilidade contractual, técnica e económica do Real Club Celta de Vigo SAD. Unha vez executadas as obras de substitución do terreo de xogo, o Real Club Celta de Vigo deberá remitir o Concello de Vigo unha memoria descritiva das actuacións executadas, así como unha conta xustificativa da inversión económica realizada na mesma, que de acordo coa cláusula "quinta" reverteran o Concello como propietario do Estadio de fútbol de Balaidos

Segundo: Instar a Concellería de Deportes o inicio do expediente conducente a modificación do actual convenio entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, co obxecto de axustar as obrigas das partes en relación a esta proposta.

(...)

II.- Conclusións:

A vista dos antecedentes descritos a xuízo do informante, debese destacar os seguintes aspectos:

Primeiro: As actuacións necesarias para a substitución do actual terreo de xogo do estadio municipal de Balaídos, por un novo terreo de xogo de herba natural, foi solicitado de

*maneira unilateral por parte do Real Club Celta SAD. Ditas actuación foron consideradas adecuadas por parte do Concello de Vigo como un elemento esencial e prioritario na estratexia deportiva do Real Club Celta SAD, e foron autorizadas, no ámbito competencial do convenio que regula a cesión de uso do Estadio Municipal de Balaídos.*

*Segundo: Sobre o importe manifestado, que foi investido polo Real Club Celta SAD nesta actuación, debemos indicar que na actualidade non consta no Concello de Vigo a documentación acreditativa da inversión realizada.*

*Terceiro: En relación as obrigas do Concello de Vigo, tal como se recolle no acordo da Xunta de Goberno Local, notificado ao Real Club Celta de Vigo SAD, refírense en todos os aspectos, a necesidade de axustar as obrigas das partes, recollidas no convenio convenio que regula a cesión de uso do Estadio Municipal de Balaídos, en relación a proposta obxecto do citado expediente, o cal, unicamente se refire as obrigas sobre o mantemento do terreo de xogo».*

**11.** Á vista do actuado, o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, por resolución de 12 de maio de 2017 tivo por iniciado expediente para reclamar do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. as cantidades satisfeitas por esta Administración municipal polos consumos de electricidade arriba indicados e dispuxo que se redactara a proposta de resolución que proceda para a súa consideración polo órgano municipal competente, en cumprimento da cal se emite o presente informe proposta.

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Tal e como consta no informe de data 29 de setembro de 2016 do Asesor Xurídico da Área de Fomento en relación co primeiro escrito da subministradora, sobre o rexeitamento de pago polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. do pago da subministración de enerxía eléctrica das instalación do estadio de Balaídos que utiliza o Real Club Celta de Vigo, SAD, o Concello de Vigo é o titular do contrato de subministro de enerxía eléctrica do Estadio Municipal de Balaídos asinado con “Unión Fenosa Distribución, S.A.” polo que fronte a compañía subministradora de electricidade é o Concello de Vigo o obrigado ao pago. Porén, a virtude da cláusula cuarta do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD para a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa, corresponden ao Real Club Celta de Vigo, SAD, os pago todos os gastos que se deriven do uso que realice o Club das instalacións autorizadas, entre os que se inclúe expresamente os de electricidade e auga, con exclusión expresa dos gastos que se ocasionen por terceiros tanto no uso das mesmas instalacións noutros eventos nos que participa o Club como no uso simultáneo, alleos o Celta, así como os que correspondan ao Concello no cumprimento das súas obrigas de mantemento das instalación, para o cal se instalarán polo Concello contadores separados e independentes que funcionarán exclusivamente durante o uso autorizado das instalacións que realice o Club.

Daquela, o Real club Celta está obrigado, a virtude da dita cláusula, a reembolsar ao Concello de Vigo as cantidades satisfeitas polos consumos de electricidade a que se refire o expediente, pois as alegacións formuladas pola entidade deportiva non poden ser aceptadas por canto, tal e como consta nos informes incorporados ao expediente, a separación de subministracións foi realizada, coa instalación de contadores independentes; os gastos que procede reclamar por electricidade non inclúen os custes da electricidade necesaria consumida na execución das obras de remodelación do estadio; e, por último, o Real club Celta de Vigo, SAD solicitou expresamente e obtivo da Xunta de Goberno Local, segundo figura no acordo arriba transcrito parcialmente, a asunción das tarefas de mantemento do

campo, sen que tal asunción estivera condicionada a ningunha compensación económica. A este respecto, non está demais recordar que o convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, SAD para a utilización do estadio municipal de Balaídos non é un negocio xurídico oneroso nin conmutativo, no que exista un equilibrio económico entre as prestacións das partes asinantes do convenio; antes, ao contrario, as obrigas que a virtude do mesmo asume a entidade deportiva non son outra cousa que cargas que ten que asumir o Club pola utilización do estadio no seu exclusivo beneficio. Daquela, ningunha obriga ten o Concello de restablecer equilibrio económico algún.

A cantidade que debe reembolsar o Real Club Celta de Vigo deberá incrementarse cos xuros legais, como indemnización dos danos e perdas causados ao Concello de Vigo polo incumprimento do convenio (artigos 1.124 e 1108 CC), desde o momento do pago das ditas cantidades polo Concello de Vigo ata o momento do seu reembolso polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. (artigos 1.124 e 1108 CC)

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano competente en materia de xestión económica do Concello e para o exercicio de accións xudiciais e administrativas nas materias da súa competencia (artigos 127.1.g e j LRBRL), a adopción do seguinte

#### ACORDO

**Primeiro.-** Rexeitar as alegacións formuladas polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. no presente expediente.

**Segundo.-** Declarar que o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. adebeda ao Concello de Vigo a cantidade de 43.553,20 euros, mais os xuros legais devengados desde o momento do pago polo Concello de Vigo da dita cantidade ata o momento do seu reembolso polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D.; importe que corresponde ás facturas satisfeitas por esta administración municipal polos consumos de enerxía eléctrica das instalacións que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., correspondentes aos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2016, cuxo pago foi rexeitado por esta entidade deportiva (facturas núms. PI1614000095059, PI1614000152925, PI 1614000200430, PI1614000255069 e PI 1614000306937).

**Terceiro.-** Requerir ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. o pago da debida anteriormente declarada (43.553,20 euros, mais os xuros legais devindicados desde o momento do pago polo Concello de Vigo da dita cantidade ata a data do seu reembolso ao Concello de Vigo), concedéndolle para o dito pago o prazo de seis meses a contar do seguinte ao da notificación do presente acordo, coa advertencia de que de non efectuar o pago no dito prazo o Concello de Vigo procederá a exercitar as accións administrativas e xurisdiccionais pertinentes para o cobro da débeda.

**Cuarto.-** Acordar, de conformidade cos artigos 79 e 83 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, o traspaso do contrato de subministración eléctrica, por parte de Gas Natural Comercializadora, S.A., ás instalacións do estadio municipal de Balaídos que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. —CUPS ES0022000004979818EY1P—, do que é titular o Concello de Vigo, ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D., en tanto que efectivo usuario da enerxía, unha vez satisfeitas pola Administración municipal —obligada ao pago, como titular do contrato, fronte á subministradora— as facturas pendentes de pago por tal subministración. Isto, sen prexuízo das reclamacións que o Concello de Vigo exercitará contra o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., obrigado ao dito pago fronte ao Concello de Vigo a virtude do convenio arriba referido, para o reembolso das cantidades satisfeitas por esta Administración municipal.

Requerir a Gas Natural Comercializadora, S.A. para que, a partir do momento do pago á mesma por esta Administración municipal da última factura pendente, proceda, no prazo de cinco días, ao traspaso do contrato de subministración de enerxía eléctrica ás instalacións que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. no estadio de Balaídos —CUPS ES0022000004979818EY1P— a favor desta entidade deportiva, e, para o caso de que este traspaso non se produza no indicado prazo, proceda a dar de baixa e a considerar resolto e extinguido o dito contrato, existente na actualidade entre a comercializadora e o Concello de Vigo, por renuncia desta Administración municipal ao subministro; servindo a notificación do presente acordo a Gas Natural Comercializadora, S.A. como comunicación formal a esta do acordo municipal de transmisión ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. do contrato de subministración de referencia —CUPS ES0022000004979818EY1P— e, no seu caso, do acordo de baixa do mesmo contrato de subministro para o indicado suposto.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. e a Gas Natural Comercializadora, S.A., para o seu coñecemento e cumprimento coa indicación de que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(771).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 7575/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/07/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de dito Servizo e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O día 14 de febreiro de 2017 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM)* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI num. 76821975 C, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-8 (antes F-00473-C-008), co obxecto de que a usuaria identificada con DNI num. 76821975 C e o seu fillo, a ocupen por un período de 6 meses, a contar desde o 24/02/2017 (ou data posterior fixada polo para o ingreso polo equipo municipal), transcurridos os cales deberán abandonar



a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

A unidade familiar permanece na vivenda municipal desde o día 3 de marzo de 2017. O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en data 18 de xullo de 2017 a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal namentras non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 (antes F-00473-C-008) por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 4 de setembro de 2017 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7575/224.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(772).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN, COA ASOCIACIÓN VECIÑAL "NOVO VIGO". EXPTE. 7601/320.**

Visto o informe xurídico do 7/07/17 e o informe de fiscalización do 14/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/07/17, asinado polo xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, o concelleiro delegado e Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 23/05/2016 D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Martínez Barreiro, en calidade de presidenta da entidade *Asociación de Vecinos Novo Vigo* (CIF: G27771195), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o 2017, para axudar ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro de 2017, cuxa contía ascende a 4.938,50 €.

Segundo certifica a Secretaria da entidade con data 22/05/2017 D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Castro Antonio, foi elixida presidenta da asociación na súa Asemblea Xeral de data 21/02/2016 á que, segundo o art. 28 dos seus estatutos lle corresponde representar á asociación ante calquera organismo público ou privado, ostentar a representación legal da asociación, así como, firmar convenio de colaboración ou análogos.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contengan financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas

competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores***.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2016: Expte. 7406/320
- Ano 2015: Expte. 6989/320
- Ano 2014: Expte. 6713/320

### RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeranse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

#### MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2017) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2016, inclúe expresamente a partida 9240 4890004 “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, cunha dotación de 4.938,50 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación de Veciños Novo Vigo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1163/12, segundo resolución do concelleiro delegado de Participación Cidadá de data 08/06/2012.

#### OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 2 dos Estatutos da Asociación de Vecinos Novo Vigo, entre os seus fins e obxectivos, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación de Vecinos Novo Vigo nace o acordo que

se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890004, denominada “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, cunha dotación orzamentaria de 4.938,50 €.

## DOCUMENTACIÓN

A Asociación de Vecinos Novo Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/06/17
  - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 15/06/17
  - Seguridade Social, de data 20/06/17
  - Concello de Vigo, de data 07/04/17

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).
2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).
3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).
4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.
5. Contrato de aluguer do local social (*só no suposto de locais alugados*).
6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2016, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social,

realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2017)</b>	
Aluguer local social	4.233,00 €
IRPF/Local social	709,65 €
Taxa lixo	170,15 €
Subministro eléctrico	378,82 €
Subministro telefónico e ADSL	565,64 €
Rexistro e dominio servidor WEB	147,60 €
Seguro R.C.	220,79 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.425,65 €</b>

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

## PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **3 de novembro de 2017**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS,

constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme ao artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES03 2080 5571 16 3040003517 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 08/06/2017, emitido pola entidade bancaria

## NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

## RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

## ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890004, denominada “*Asociación Vecinos Novo Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2017, a favor da entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF.- G-27771195), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo) , entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2017, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUEIRO DO SEU LOCAL SOCIAL SITUADO NA RÚA AS TEIXUGUEIRAS, Nº 11- PORTAL 6- OFICINA 9B, ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana María Martínez Barreiro, con DNI 36115648J, en calidade de Presidenta da *Asociación de Vecinos Novo Vigo* (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7601/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.



A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito

territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a “Asociación de Vecinos Novo Vigo” unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución do concelleiro delegado da Área, de data 08/06/12, a “Asociación de Vecinos Novo Vigo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1163/12 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “Asociación de Vecinos Novo Vigo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, veciñais e culturais, planificadas para o ano 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio

e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de

xaneiro a outubro, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- - Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada “*Convenio Asociación de Veciños Novo Vigo*” nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 4.938,50 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Vecinos Novo Vigo para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Nadal en Navia
- Concerto cuncas tibetanas
- Entroido en Navia
- Música entre amigos
- Tarde en compañía “Ponte algo, ...simpático, divertido...”
- Plis Plas Festival
- Día das letras galegas
- V Navia Parque de Arte
- Mordendo O Polvo
- Noite de San Xoan
- No verán...un conto
- Vicus Spacorum
- Confraternidades Veciñais
- Nadal en Navia
- Escola de Empoderamento
- Cursos varios
- Charlas varias

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre xaneiro a outubro de 2017, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é **de 4.938,50 €.**

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2017)</b>	
Aluguer local social	4.233,00 €
IRPF/Local social	709,65 €
Taxa lixo	170,15 €
Subministro eléctrico	378,82 €
Subministro telefónico e ADSL	565,64 €
Rexistro e dominio servidor WEB	147,60 €
Seguro R.C.	220,79 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.425,65 €</b>

IX.- Que a entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

**Primeiro.**- A entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*” unha subvención por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo a aplicación orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada “*Asociación Veciños Novo Vigo*”, do vixente orzamento municipal (2017), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, necesario

para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2017, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Vecinos Novo Vigo*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

**Sétimo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2017.

**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Vecinos Novo Vigo", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
  8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificables e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos

- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que

poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES03 2080 5571 16 3040003517 (Abanca).

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01/01/17 e o 31/10/17.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do

presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.-** O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017

**26(773).- DECLARACIÓN DE RESOLUCIÓN DA CESIÓN DE USO DO ELEMENTO 2 DA PARCELA MUNICIPAL 000136, SITA NA AVDA. DE RAMÓN NIETO-ESQUINA RÚA DA VÍA. EXPTE. 17320/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/0717, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de xaneiro do 2006 acordou ceder gratuitamente e, en precario, polo prazo de 25 anos, á Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA), o dereito de uso do elemento 2 da parcela de propiedade municipal nº 000136, sito na Avenida Ramón Nieto, esquina rúa da Vía desta cidade, con destino ós fins propios dos seus estatutos e, en particular, a aqueles programas e actividades socio-laborales dirixidas ó fomento da formación e cualificación profesional e á mellora do emprego no sector do metal.

Cesión formalizada en documento administrativo de data 26/06/2006.

**Segundo.-** Por medio de escrito de data 4/08/2016, o Presidente de FORMEGA comunicou que o Padroado da Fundación acordou o 29/7/2016 a extinción da mesma pola imposibilidade da realización dos fins fundacionais ó terse presentado concurso de acreedores.

**Terceiro.-** O Xulgado do Mercantil nº3 de Pontevedra, mediante Auto ditado o 15/12/2016 no Procedemento Abreviado 000366/2016 Declaración de Concurso, acordou declarar en concurso a entidade "Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA)" (CIF G-15.864.663) e a súa disolución, có conseguinte cese dos administradores da sociedade concursada e designación de administrador concursal, recaíndo o nombramento no economista D. Luciano De Dios Teijeira.

**Cuarto.-** O Concelleiro delegado de Patrimonio, en data 14/7/2017, ordenou o inicio do procedemento para declarar resolta a cesión gratuíta otorgada a FORMEGA, do dereito de uso do elemento 2 da parcela de propiedade municipal nº 000136.

**Fundamentos de dereito:**

**Primeiro.-** O Excmo. Concello de Vigo é propietario do inmovible sito na Avenida Ramón Nieto s/n denominado Mercado Municipal de Cabral, que consta no Inventario Municipal de

bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmobles co código de propiedade 000136, constando como elemento 2 o local cedido en uso a “Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA)” por acordo da Xunta de Goberno do 23/01/2006, baixo as condicións e termos xerais previstos na normativa reguladora dos bens das entidades locais, e as particulares contidas no propio acordo municipal.

**Segundo.-** O RBEL regula no seu art. 111 os supostos de extinción ou resolución das cesións outorgadas polas entidades locais, establecendo neste senso que si os bens cedidos non fosen destinados ó uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixase de selo posteriormente se considerará resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación Local, quen tendrá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Si no acordo de cesión non se estipula outra cousa, se entenderá que os fins para os cales se tivera outorgado deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse seu destiño durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos revertirán, no seu caso, ó patrimonio da entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Así mesmo, no presente caso, o dereito de uso do local otorgado pola Xunta de Goberno Local efectuouse con suxección as seguintes cláusulas, reflexadas no acordo adoptado e no documento administrativo de data 26/06/2006 na que formalizouse a cesión:

*Clausula 5). A cesión extinguirase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:*

- *Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a cesión.*
- *Renuncia da asociación a dita cesión.*
- *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.*
- *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada.*
- *Disolución da asociación.*
- *Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de tres meses.*

*Clausula 6). (...)As obras e instalacións executadas revertirán integramente á Administración municipal no momento en que finalice a cesión de uso.*

**Terceiro.-** A teor do exposto, podese estimar que no presente caso atopase incurso en causa de extinción a cesión otorgada por terse declarada a disolución da fundación cesionaria, mediante auto do Xulgado do Mercantil nº 3 de data 15/12/2016, procedendo polo tanto declarar resolta a cesión de uso acordada pola Xunta de Goberno Local o 23/01/2006 e a reversión, ó patrimonio municipal, do local en cesión xunto coas súas pertenzas e accesións.

Conseguentemente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** *Declarar resolta a cesión de uso do elemento 2 da parcela de propiedade municipal nº 000136, sito na Avenida Ramón Nieto esquina rúa da Vía, acordada pola Xunta de Goberno Local o 23/01/2006, por causa da disolución da entidade cesionaria “Fundación Galega do Metal para a Formación, Cualificación e Emprego (FORMEGA)”.*

**Segundo.-** *Acordar a reversión ó patrimonio municipal, do local cedido, xunto coas súas pertenzas e accesións, fixando para o vindeiro 31 de xullo o acto de entrega e recepción polos servizos municipais.*

**Terceiro.-** *Comunicar o presente acordo ó Administrador concursal designado no Procedemento Abreviado 000366/2016 Declaración de Concurso polo Xulgado do Mercantil n.º3 de Pontevedra”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(774).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE A UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. PARA REPARAR DEFICIENCIAS NAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES NO PRAZO DE GARANTÍA CONTRACTUAL. EXPTE. 7279/307.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/07/17, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou *“adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”*.

O contrato de ditas obras foi asinado con data 17/11/2014, e recolle un prazo de garantía de 120 meses, polo que a mesma remata o 08/06/2025, sendo a acta de recepción de 08/06/2015. Con data 6 de outubro de 2016, a dirección facultativa emite un informe no que se recollen diversas deficiencias apreciadas nas obras referidas.

A proposta do servizo de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acordou na sesión do 28/10/2016, aprobar a PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, NO PRAZO DE GARANTÍA CONTRACTUAL.

Posteriormente, nunha comunicación dos arquitectos municipais dirixidas a este servizo, se informa que: *“El 24 de marzo de 2017 se realizó una visita de inspección a los locales municipales de Elduayen con el representante de UNIKA D. Gonzalo Aldrey en la que se pudo comprobar lo expuesto en el informe de los técnicos municipales de 06/10/2016. El 29/03/2017 se le enviaron por correo electrónico a D.Gonzalo Aldrey varias fotografías en las que se daba cuenta de varias fases de ejecución de obra para que dispusiera de los datos necesarios para plantear una solución a los problemas existentes. Desde ese momento no se ha vuelto a saber nada de la empresa, por lo que los problemas expuestos en el informe municipal de 06/10/2016 aún no se han solucionado. Solicitamos de la Concellería de Patrimonio Historico, en calidad de responsable del contrato, que proceda a solicitar de nuevo el arreglo de las deficiencias detectadas a la empresa adjudicataria de la obra UNIKA en virtud de las garantías contractuales ofertadas por la propia empresa (hasta un plazo máximo de 10 años desde la finalización de los trabajos).”*

Polo tanto, á vista do que antecede, este servizo de Patrimonio Histórico fai a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Incoar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. expediente para reparar deficiencias nas OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES no prazo de garantía contractual.

SEGUNDO: Conceder a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. un prazo de audiencia de dez días, a contar dende a recepción da notificación do presente acordo para que poda, segundo o previsto nos artigos 53.1 e) e 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, presentar alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e aportar documentos.

TERCEIRO: Apercibir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que o incumprimento das súas obrigas no período de garantía das obras, suporá a execución destas por parte da Administración municipal a conta da mesma e a incautación da garantía correspondente.

CUARTO: Apercibir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que constitúe infracción administrativa as accións ou omisións que supoñan vulneración das obrigas do contrato, especificamente infracción moi grave, o cumprimento defectuoso do contrato.

QUINTO: Advertir a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U que con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá imponer ao contratista multas coercitivas, segundo prevé a cláusula 36.1 do PCA, cando non se atenda ao requerimento previo que lle efectúe o responsable do contrato para o cumprimento das súas obrigas.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(775).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AXUDANTE DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 29711/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data 17 de marzo de 2017, o Xefe do Servizo de Limpeza, coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun axudante de oficios pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir as tarefas de limpeza e debroce dos camiños da cidade, agravado polo recente falecemento dunha axudante do Servizo e, as catro vacantes coas que conta o mesmo.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 23 de marzo de 2017, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha axudante de oficios solicitado no referido escrito de petición, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza, nos termos da solicitude do seu Xefe do Servizo e que conta coa conformidade tanto do Concelleiro de dita Área.

En cumprimento do ordenado, con data 14/07/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147-Axudante de Oficios, adscrito ao Servizo de Limpeza Viaria, cód. 252) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que

desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a domingo, preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En todo caso a xornada laboral efectuarase segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de petición do técnico responsable do servizo, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 23/03/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, dacordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose prestación do servizo de limpeza viaria, protección da salubridade pública, etc, como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das **competencias propias** das recollidas no art. 25.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, polo que se informa favorablemente ao devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

## **III. Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha axudante de oficios para o Servizo de Limpeza Viaria, supón un gasto de **10.737,14€ (9.842,38€ corresponden ao ano 2017**, e 894,76€ con cargo a vindeiro orzamento 2018.), ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.763,14€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 147-Axudante de oficios), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

#### **IV. Verificación das listas de reserva:**

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Neste intre ningún dos integrantes da referida lista reuina na data na que se instruíu o expediente os requisitos para ser nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizaron o último nomeamento por acumulación de tarefas como axudantes de oficios, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D.Legislativo 5/2015 (TREBEP).

Non existindo ningún candidato na lista anterior en condicións de ser nomeado e aos efectos de poder formular a proposta de nomeamento, procede recorrer a outras bolsas de emprego de oficios, neste caso a lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, pola similitude de moitas das funcións de mantemento existentes entre ámbolos dous postos de traballo, dada a urxencia producida no Servizo, e toda vez que aínda non e posible dispoñer da lista específica de oficiais desinfectores, cuxas bases reitoras foron autorizadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/2017, expte. 27845/220, actualmente en fase de execución.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudante de oficios por acumulación de tarefas, do aspirante da lista a que se refire o anterior parágrafo, núm. 27-**RAMOS GARCIA, FIDEL, DNI \*\*.\*\*\*.884-Q**, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino como



axudante de oficios por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto Sre. Ramos García, está en condicións de ser nomeado ao terse acreditado que nunca prestou servizos neste Concello en ningunha categoría profesional do Grupo Transitorio E de titulación, polo que está en condicións de ser novamente nomeado. Nas bases xerais correspondentes a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na actualidade polo mesmo artigo do TREBEP e, normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”*

Así mesmo, nas bases xerais do proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as autorizado pola Xunta de Goberno na súa sesión de 11/07/2016, expte. 28363/220, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”*.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da **Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal:** “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, **a contar dende a data de adopción do referido acordo**. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

## **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Axudante de oficios, Grupo Transitorio E de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza Viaria, cód. 252 e, en consecuencia, autorizar o gasto por 10.737,14€ (dos que 9.842,38€ corresponden ao ano 2017, e 894,76€ con cargo a vindeiro orzamento 2018.), ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.763,14€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

**SEGUNDO:** Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como Axudante de oficios, por un período máximo de seis meses, á D. FIDEL RAMOS GARCÍA, DNI \*\*.\*\*\*.884-Q, na súa condición de seguinte aspirante na lista derivada da bolsa de substitucións resultante da Bolsa de Emprego de oficiais de oficios-sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 147-Axudante de oficios, sendo adscrito ao Servizo de Limpeza Viaria (cód. 252), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado unha vez tomada posesión, desenvolverase de luns a domingo, preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En todo caso a xornada laboral efectuarase segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(776).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E CATORCE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 30333/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/07/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **1.-ANTECEDENTES**

Con data 26 de xaneiro de 2017, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo e da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de dezaseis vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, as baixas por xubilación forzosa de dous porteiros-vixiantes adscritos ao Servizo.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que

supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o pasado 08 de xullo remataron os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP "Virxe do Rocío", "Candean-Fonteoscura", "Chans-Bembrive", "Eduardo Pondal", "Vicente Risco", "Igrexa-Candean" e, "San Salvador" e, nas E.E.I "Monte do Alba", "Villalaura", "Monte da Guía" e, Cristo da Victoria", sendo imprescindible a súa reposición.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12 de xullo de 2017, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dos catorce porteiros-vixiantes de Instalacións Municipais por acumulación de tarefas solicitados no escrito de petición, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de Educación, coa conformidade tanto da xefatura do Servizo como da Concelleira-delegada de dita Área, significando que os outros dous vixiantes restantes xa figuran propostos no expediente 30315/220, na actualidade na Intervención Xeral na fase de fiscalización previa.

En cumprimento do ordenado, con data 20/07/2017, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-Oficial Instalacións Municipais, da vixente Relación de

Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade petionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, garantindo en todo momento os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo e da Concelleira-delegada da Área de Educación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12 de xullo actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, neste caso unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.n) da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e

das atribuídas por delegación, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

### III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catorce oficiais de Instalacións para o Servizo de Educación, supón un gasto de **157.182,48€**, dos que **137.534,67€ corresponden ao ano 2017**, e 19.647,81€ con cargo a vindeiro orzamento 2018, ao que haberá que engadirse a cantidade de 58.826,67€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

### IV. - Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Oficiais de Instalacións municipais**, oficiais Coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, oficial Desinfectador, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº64 en data 31 de marzo de 2017.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, acordou a formación dunha bolsa de emprego de oficiais de instalacións municipais integrada por 129 opositores, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 23/03/2017, expte. 30301/220, figurando no referido acordo a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da

puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios por acumulación de tarefas, dos/das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 2-SILVA PEREIRA, JOSÉ LUIS, DNI \*\*.\*\*\*.484-G, 5-LUGO PRADO, ELOY, DNI \*\*.\*\*\*.923-C, 6-ELEXPURU PACHECO, CARLOS, DNI \*\*.\*\*\*.457-D, 7-MATOS MAZORRA, LUIS FRANCISCO, DNI \*\*.\*\*\*.848-J, 9-GONZÁLEZ MARTÍNEZ, ISMAEL, DNI \*\*.\*\*\*.068-T, 11-RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, MANUEL, DNI \*\*.\*\*\*.351-Y, 12-FREITAS RODRÍGUEZ, NOELIA, DNI \*\*.\*\*\*.744-B, 15-SANROMÁN GONZÁLEZ TOMÁS, DNI \*\*.\*\*\*.860-Z, 18-ALONSO FONTAÍÑA, MIGUEL ANGEL, DNI \*\*.\*\*\*.956-H, 19-LÓPEZ DAVILA, DANIEL, DNI \*\*.\*\*\*.871-A, 20-SEOANE LIBERATA, REBECA, DNI \*\*.\*\*\*.029-F, 24-LAGO LÓPEZ, YOSHUA, DNI \*\*.\*\*\*.350-Y, 26-CASTRO DUARTE, ALFREDO BAUTISTA, DNI \*\*.\*\*\*.019-F e, 30-MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, ANDREA, DNI \*\*.\*\*\*.846-Q, que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos como axudantes de oficios por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os/as aspirantes propostos/as, están en condicións de ser nomeados ao terse acreditado que ben nunha prestaron servizos neste concello ou levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas no grupo C2 de Titulación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

#### V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se

emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catorce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Oficiais de Instalacións Municipais**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito do 26 de xaneiro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **157.182,48€, dos que 137.534,67€ corresponden ao ano 2017**, e 19.647,81€ con cargo a vindeiro orzamento 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. JOSÉ LUIS SILVA PEREIRA, DNI \*\*.\*\*\*.484-G, D. ELOY LUGO PRADO, DNI \*\*.\*\*\*.923-C, D. CARLOS ELEXPURU PACHECO, DNI \*\*.\*\*\*.457-D, D. LUIS FRANCISCO MATOS MAZORRA, DNI \*\*.\*\*\*.848-J, D. ISMAEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, DNI \*\*.\*\*\*.068-T, D. MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, DNI \*\*.\*\*\*.351-Y, D<sup>a</sup>. NOELIA FREITAS RODRÍGUEZ, NOELIA, DNI \*\*.\*\*\*.744-B, D. TOMÁS SANROMÁN GONZÁLEZ, DNI \*\*.\*\*\*.860-Z, D. MIGUEL ANGEL ALONSO FONTAÍÑA, DNI \*\*.\*\*\*.956-H, D. DANIEL LÓPEZ DAVILA, DNI \*\*.\*\*\*.871-A, D<sup>a</sup>. REBECA SEOANE LIBERATA, DNI \*\*.\*\*\*.029-F, D. YOSHUA LAGO LÓPEZ, DNI \*\*.\*\*\*.350-Y, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI \*\*.\*\*\*.019-F e, D<sup>a</sup>. ANDREA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, DNI \*\*.\*\*\*.846-Q,, na súa condición de seguintes aspirantes da bolsa de traballo de oficiais de instalacións municipais formada por acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 13 de xullo de 2017, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 300-Oficial Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo Municipal de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de



Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(777).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMON. XERAL, BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O CONSORCIO CASCO VELLO. EXPTE. 30286/220.**

Visto o informe de fiscalización do 21/07/17, dáse conta do informe-proposta do 13/07/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

O Xerente do Consorcio Casco Vello de Vigo, a través de escrito de data 12 de xuño de 2017, expón as necesidades de persoal existentes no servizo, solicitando o nomeamento urxente dun/dunha auxiliar administrativo que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta o mantemento do correcto funcionamento do Servizo.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 6 de xullo de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Consorcio do Casco Vello de Vigo, nos termos da petición realizada pola seu responsable de data 12 de xuño de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 12/07/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito ao Consorcio do Casco Vello, cód. 017 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos

servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de petición tanto do Xerente do Consorcio do Casco Vello de Vigo de data 12/06/2017, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 06/07/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, considerándose a prestación deste servizo como esencial, como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.a) -protección e xestión do patrimonio histórico, conservación e rehabilitación da edificación- da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada pola situación actual existente no Consorcio do Casco Vello de Vigo, segundo o escrito do seu Xerente de data 12 de xuño de 2017 e, na propia instrución de servizo do concelleiro-delegado que figura no expediente.

## **III. Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, du /dunha auxiliar de administración xeral para o Consorcio do Casco Vello de Vigo, supón un gasto de 11.319,72 €, e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.519,34€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

#### **IV. Verificación das listas de reserva:**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de catro prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 16 de xaneiro de 2017 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarias de carreira con data 2 de febreiro de 2017, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 45 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 08 de febreiro de 2017, aprobou a creación das listas de reserva derivadas da execución da Oferta de Emprego correspondente aos anos 2010-2011 que permitan os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do TRLEBEP como **auxiliares de administración xeral**, diplomados/as en traballo social e oficiais condutores/as, expte. 29414/220.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 12/07/2017, seguindo estritamente a lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como auxiliar de administración xeral da aspirante núm. **21, D<sup>a</sup> ANA BELÉN VIEIRA PARADA, con DNI núm.\*\*\*\*353-L**, a cal manifestou optar ao referido nomeamento interino segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta Sra. Vieira Parada, rematou o seu último nomeamento como

auxiliar administrativa neste en concello en data 19/12/2016, polo que desde o 20/06/2016 está en condicións de ser novamente nomeada.

#### **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **Auxiliar de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Consorcio do Casco Vello de Vigo e, en consecuencia, autorizar o gasto por **11.319,72 €**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente”, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como **Auxiliar de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D<sup>a</sup>. ANA BELÉN VIEIRA PARADA, con DNI núm. \*\*\*\*353-L**, na súa condición de seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición libre de auxiliares de administración xeral da última oferta de emprego executada, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscrita ao Consorcio do Casco Vello de Vigo (cód. 017), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo a aspirante nomeada, ao Xerente do Consorcio Casco Vello, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(778).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AXUDANTES DE OFICIOS (VIXILANTES DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS), BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 30315/220.**

Visto o informe de fiscalización de 21/07/17, dáse conta do informe-proposta do 13/07/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

Con data 26 de xaneiro de 2017, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo e da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de dezaseis vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, as baixas por xubilación forzosa de dous porteiros-vixiantes adscritos ao Servizo.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o pasado 17 de maio remataron os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP "Celso Emilio Ferreiro" e, "Lavadores-Pombal", sendo imprescindible a súa reposición.

En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12 de xullo de 2017, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urgente nomeamento interino de dous dos dezaseis porteiros-vixiantes de Instalacións Municipais por acumulación de tarefas solicitados no escrito de petición, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de Educación, coa conformidade tanto da xefatura do Servizo como da Concelleira-delegada de dita Área.

En cumprimento do ordenado, con data 13/07/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 218-Vixiante Instalacións Municipais, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade petionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, garantindo en todo momento os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo e da Concelleira-delegada da Área de Educación, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12 de xullo actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, neste caso unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.n) da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, d'accordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomea-



mentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

### III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas axudantes de oficios para o Servizo de Educación, supón un gasto de **21.474,27€**, dos que **19.684,75€ corresponden ao ano 2017**, e 1.789,52€ con cargo a vindeiro orzamento 2018.), ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.526,29€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

### IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 2-**ARROYO MUÑOZ, FRANCISCO, DNI \*\*.\*\*\*.360-W** e, 3-**MERA AIRA, ARTURO, DNI \*\*.\*\*\*.670-Q**, que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos como axudantes de oficios por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os aspirantes propostos Sres. Arroyo Muñoz e Mera Aira, están en condicións de ser nomeados ao terse acreditado que levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas en data 21/12/2016, expte. 28284/220, polo que dende o pasado 22/06/2017 están en condicións de ser novamente nomeados.

Nas bases xerais correspondentes a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de se-

tembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que **“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

#### **V. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **axudantes de oficios**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito do 26 de xaneiro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.474,27€, dos que 19.684,75€ corresponden ao ano 2017**, e 1.789,52€ con cargo a vindeiro orzamento 2018.), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D- FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI \*\*.\*\*\*.360-W** e, **D. ARTURO MERA AIRA, DNI \*\*.\*\*\*.670-Q**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista deri-

vada da lista de substitucións de axudantes de oficios, derivada da execución da derradeira oferta de emprego público correspondente ao ano 2008, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218-Vixiante Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo Municipal de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos traballadores nomeados, desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(779).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERNOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2014, COMO OFICIAL XARDINEIRO/A. EXPTE. 30303/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais de Instalacións municipais, oficiais Coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, oficial Desinfectador, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, **Oficiais Xardineiros** e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº64 en data 31 de marzo de 2017.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionamento interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirásse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo supletoria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.*

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, formulou a correspondente proposta dos/as opositores/as aptos/as para confeccionar a bolsa de emprego de oficiais Xardineiros/as, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	DAPENA PINTOS	PABLO	****520A	19,670
2	GONZALEZ MARTÍNEZ	ISMAEL	****068T	19,500
3	ARGIBAY CUSÍ	BORJA	****749W	19,408
4	BASTOS VILLAR	PURIFICACIÓN	****578B	18,655
5	LUGO PRADO	ELOY	****923C	18,313
6	COSTA CASAS	DIEGO	****952C	18,155
7	OTERO FERVENZA	JOSÉ JESÚS	****225G	18,125
8	RODRÍGUEZ TORRES	JAVIER	****552Q	17,920
9	CARAMÉS VÁZQUEZ	MARÍA MERCEDES	****591R	17,750
10	CABEZAS TORRES	EMILIO JOSÉ	****737P	17,330
11	COUSO SUÁREZ	ENRIQUE FERNANDO	****235N	17,330
12	QUINTAS PÉREZ	JOSÉ JUÁN	****110B	17,250
13	LAGO GONZÁLEZ	ITZIAR	****348G	16,580
14	SAAVEDRA GONZÁLEZ	AUREA	****224B	16,555
15	QUINTEIRO DOMÍNGUEZ	TERESA	****920N	16,500
16	GONZÁLEZ ALONSO	MARÍA FÁTIMA	****064L	15,830
17	FAJARDO FARIÑAS	JESÚS	****401T	15,795
18	SILVA PEREIRA	JOSÉ LUIS	****484G	15,750
19	HERRERA SOUSA	AITANA	****493Z	15,730
20	SOUSA VÁZQUEZ	MIGUEL JOSÉ	****911L	15,730
21	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	****019F	15,375
22	IGLESIAS PEIXOTO	JUAN MIGUEL	****597R	15,045
23	PÉREZ BARREIRO	GONZALO	****841G	15,030
24	OGANDO ESTÉVEZ	YOLANDA	****499R	14,920
25	FERNÁNDEZ IGLESIAS	ELIGIO MANUEL	****546A	14,830
26	LORENZO RODRÍGUEZ	RAFAEL	****059C	14,500
27	FILGUEIRA FERNÁNDEZ	MARTA	****678L	14,250
28	VÁZQUEZ CÁCERES	ADRIÁN JUÁN	****055V	14,075
29	PINTOS DA CUNHA	CIBRÁN	****985R	13,875
30	GARCÍA VELOSO	CARLOS	****888K	13,700
31	GÓMEZ LÓPEZ	MIGUEL ÁNGEL	****811Y	13,375
32	MARTÍNEZ ALONSO	JORGE	****508R	13,330
33	SÁNCHEZ REGUEIRA	ARTUR	****674M	13,250
34	NOGUEIRA GÓMEZ	MARÍA ANA	****195P	13,170
35	SANMARTÍN BARREIRO	MIGUEL SAUL	****684T	13,125
36	RECHE MELCHOR	EMILIO	****795L	12,795
37	NOVO GONZÁLEZ	RAMÓN	****899L	12,670

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Oficiais Xardineiros/as, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais Xardineiros/as, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 13 de xullo de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
1	DAPENA PINTOS	PABLO	****520A	19,670
2	GONZALEZ MARTÍNEZ	ISMAEL	****068T	19,500
3	ARGIBAY CUSÍ	BORJA	****749W	19,408
4	BASTOS VILLAR	PURIFICACIÓN	****578B	18,655
5	LUGO PRADO	ELOY	****923C	18,313
6	COSTA CASAS	DIEGO	****952C	18,155
7	OTERO FERVENZA	JOSÉ JESÚS	****225G	18,125
8	RODRÍGUEZ TORRES	JAVIER	****552Q	17,920
9	CARAMÉS VÁZQUEZ	MARÍA MERCEDES	****591R	17,750
10	CABEZAS TORRES	EMILIO JOSÉ	****737P	17,330
11	COUSO SUÁREZ	ENRIQUE FERNANDO	****235N	17,330
12	QUINTAS PÉREZ	JOSÉ JUÁN	****110B	17,250
13	LAGO GONZÁLEZ	ITZIAR	****348G	16,580
14	SAAVEDRA GONZÁLEZ	AUREA	****224B	16,555
15	QUINTEIRO DOMÍNGUEZ	TERESA	****920N	16,500
16	GONZÁLEZ ALONSO	MARÍA FÁTIMA	****064L	15,830
17	FAJARDO FARIÑAS	JESÚS	****401T	15,795
18	SILVA PEREIRA	JOSÉ LUIS	****484G	15,750
19	HERRERA SOUSA	AITANA	****493Z	15,730
20	SOUSA VÁZQUEZ	MIGUEL JOSÉ	****911L	15,730
21	CASTRO DUARTE	ALFREDO BAUTISTA	****019F	15,375
22	IGLESIAS PEIXOTO	JUAN MIGUEL	****597R	15,045
23	PÉREZ BARREIRO	GONZALO	****841G	15,030
24	OGANDO ESTÉVEZ	YOLANDA	****499R	14,920

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAIS
25	FERNÁNDEZ IGLESIAS	ELIGIO MANUEL	*****546A	<b>14,830</b>
26	LORENZO RODRÍGUEZ	RAFAEL	*****059C	<b>14,500</b>
27	FILGUEIRA FERNÁNDEZ	MARTA	*****678L	<b>14,250</b>
28	VÁZQUEZ CÁCERES	ADRIÁN JUÁN	*****055V	<b>14,075</b>
29	PINTOS DA CUNHA	CIBRÁN	*****985R	<b>13,875</b>
30	GARCÍA VELOSO	CARLOS	*****888K	<b>13,700</b>
31	GÓMEZ LÓPEZ	MIGUEL ÁNGEL	*****811Y	<b>13,375</b>
32	MARTÍNEZ ALONSO	JORGE	*****508R	<b>13,330</b>
33	SÁNCHEZ REGUEIRA	ARTUR	*****674M	<b>13,250</b>
34	NOGUEIRA GÓMEZ	MARÍA ANA	*****195P	<b>13,170</b>
35	SANMARTÍN BARREIRO	MIGUEL SAUL	*****684T	<b>13,125</b>
36	RECHE MELCHOR	EMILIO	*****795L	<b>12,795</b>
37	NOVO GONZÁLEZ	RAMÓN	*****899L	<b>12,670</b>

Segundo.- Dispoñer que a referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(780).- CESAMENTO POR IMPERATIVO LEGAL DA FUNCIONARIA INTERINA NP 81906, COMO TÉCNICA MEDIO DE IGUALDADE. EXPTE. 29661/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE HECHO**

I.- Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 27 de xaneiro de 2011, foi nomeada funcionaria interina ao abeiro do disposto no artigo 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade RD Lex. 5/2015, de 30 de outubro -TREBEP-), como técnica media de Igualdade e con cargo á praza vacante de igual denominación, á aspirante D<sup>a</sup> Ana García Barrio, con DNI \*\*\*\*\*238, que obtivo a máxima



puntuación (18,88 puntos) no proceso de selección para a provisión con carácter interino, dun/dunha técnico/a medio/a de igualdade.

**II.-** De conformidade coas propias bases da convocatoria, a condición de funcionaria interina extinguiríase automaticamente no momento en que se cubrira definitivamente a praza á que se adscribira a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2010.

**III.-** En data 01 de febreiro de 2011, D<sup>a</sup> Ana García Barrio, tomou posesión como funcionaria interina e, por Resolución do Concellerío-Delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data, foi adscrita ao Servizo de Igualdade.

**IV.-** O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de técnico/a medio/a de igualdade, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011 2<sup>a</sup> fase, na súa sesión de 10 de novembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da seguinte aspirante seleccionada, que superou todas as probas do proceso selectivo: María Mar Soto García.

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 10/11/16.

**V.-** Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.12.2016 (Doc. nº 160166212) interpúxose por parte de D<sup>a</sup>. Ana García Barrio, recurso de alzada contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo e se acordou someter á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta de nomeamento como funcionaria para a praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE á aspirante nº 61, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Soto García. No referido recurso solicita que se estime e se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade do acto recorrido, coas consecuencias que se relacionan na súa solicitude. Solicítase igualmente, ó abeiro do Art. 117 da L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas (LPACAP), “la suspensión de la Ejecución del nombramiento en el proceso selectivo ahora impugnado”.

**VI.-** A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23/02/2017, acordou desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.12.2016 por a agora recorrente contra a resolución do Órgano de selección pola que se outorgaron as puntuacións totais ou resultados finais dese proceso selectivo correspondente á praza de TÉCNICO/A MEDIO/A DE IGUALDADE (OEP 2010-2011), a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 06.02.2017.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 09 de marzo de 2017 adoptou acordo favorable de nomeamento como funcionaria de carreira da aspirante proposta polo órgano de selección.

**VII.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou o acordo do cese da funcionaria interina D<sup>a</sup> Ana García Barrio, Técnica Media de Igualdade, como consecuencia da execución da OEP 2010/2011, 2<sup>a</sup> fase. Expte: 29661/220.

**VIII.-** O día 21-04-17, D<sup>a</sup> Ana García Barrio, presentou escrito neste Concello, con nº de rexistro 170058247, no que solicita que se lle indemnice de conformidade co sistema previsto no artigo 56 do Estatuto dos Traballadores para os despidos improcedentes; subsidiariamente de conformidade co sistema previsto no artigo 53.1 b) do citado Estatuto, para os despidos por causas obxectivas e subsidiariamente a súa indemnización polos prexuízos sufridos debido á contratación fraudulenta. (Expte 29661/220)

**IX.-** Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12-05-2017, desestima a súa reclamación de indemnización por cese. Dito acordo foi notificado a D<sup>a</sup> Ana García Barrio o día 09-06-2017. Con data 07-07-2017, la Sra. García Barrio interpón recurso de reposición contra o citado acordo (nº doc. 170097844).

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**I.-** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**II.-** Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

**III.-** RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.

**IV.-** RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.

**V.-** Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

### **FUNDAMENTOS XURIDICOS**

**I.-** En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación da recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de maio de 2017, desestima a súa reclamación de indemnización por cese. Dito acordo foi notificado a D<sup>a</sup> Ana García Barrio o día 09-06-2017. Con data 07-07-2017, la Sra. García Barrio interpón recurso de reposición contra o citado acordo (nº doc. 170097844).

Convén significar que o punto quinto da proposta correspondente ao acordo agora impugnado, outorga recurso de reposición por erro, posto que ao abeiro do artigo 124.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, contra a resolución dun recurso de reposición non poderase interpor de novo dito recurso. Xa que logo, nos casos nos que a equivocada interposición dun recurso administrativo improcedente débese a unha errónea indicación ou ofrecemento de recursos pola propia Administración con ocasión da notificación ou publicación do Acordo impugnado, a xurisprudencia puntualiza que a confusión ou error no ofrecemento de recursos, imputable á Administración, non pode prexudicar ó recorrente ( SSTS de 19 de decembre de 2008, e 14 de xaneiro de 2010). Polo tanto entendo que o procedente e a tramitación do recurso dando resposta recorrente.

II.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

III.- Sentado o anterior, procédese a expoñer a motivación xurídica da presente proposta de acordo.

Como consideracións previas, convén recordar que os tipos de empregados públicos se relacionan no TREBEP. Así o artigo 8 do citado corpo legal, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual. O único elemento común entre eles es que todos desempeñan funcións retribuídas na Administración Pública.

Cada tipo de empregado público ten unha regulación diferenciada, que determina diferenzas no so na súa forma de acceso, se non tamén no tempo de permanencia posible no posto, nas funcións específicas que vai desenvolver ...

Así as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos) o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes. A regulación mantense no RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Tamén é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido.

Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento.

Con respecto aos **funcionarios interinos** o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos “los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
- b) La sustitución transitoria de los titulares.
- c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses...

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...”

**IV.-** Centrándonos na cuestión que nos ocupa, temos que a interesada non interpón recurso contra o cese en si mesmo, se non que unicamente no referido a non fixar a indemnización que cree que lle corresponde. Así solicita que se lle indemnice de conformidade co sistema previsto no artigo 53.1 b) do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, para os despedidos por causas obxectivas e subsidiariamente solicita a indemnización polos prexuízos sufridos debido á contratación fraudulenta, ata lograr a súa indemnidade patrimonial e moral, e máis subsidiariamente se acorde deixar o asunto pendente de decidir ata a existencia dunha xurisprudencia e doutrina mas consolidada respecto a asuntos idénticos.

Como dixemos nos antecedentes do presente informe, foi por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 27 de xaneiro de 2011, foi nomeada funcionaria interina ao abeiro do disposto no artigo 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade RD Lex. 5/2015, de 30 de outubro -TREBEP-), como técnica media de Igualdade e con cargo á praza vacante de igual denominación, á aspirante D<sup>a</sup> Ana García Barrio, con DNI \*\*\*\*\*238, que obtivo a máxima puntuación (18,88 puntos) no proceso de selección para a provisión con carácter interino, dun/dunha técnico/a medio/a de igualdade. De conformidade coas propias bases da convocatoria, a condición de funcionaria interina extinguiríase automaticamente no momento en que se cubrira definitivamente a praza á que se adscribira a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2010. O cese da Sra. García Barrio, tivo lugar precisamente ao cubrirse definitivamente a praza polo procedemento selectivo legalmente previsto. Certo é que o proceso dilatouse por diversas vicisitudes, que de feito deron lugar a presentación de escritos dun sindicato e unha funcionaria interina, admitida como aspirante a un proceso selectivo, nos que se poñía de manifesto a posible caducidade da OEP, ante o cal o concello optó pola suspensión do procedemento para poder resolver sobre a cuestión plantexada tralos trámites correspondentes e finamente por declarar caducada a OEP 2010-2011, no relativo a súa segunda fase, referida a procedemento que aínda estaban en fase de execución. O acto do Concello foi recorrido e rematou no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, o cal na data 23 de xuño de 2016, anulou o acto recorrido no relativo á declaración da

caducidade parcial da mencionada OEP, condenado á Administración a continuar os procedementos selectivos. (Sentenzas nº 250/2016 e 256/2016). Non vamos a entrar no análise das devanditas Sentenzas por non ser obxecto de debate, pero por seu interese transcribimos algúns parágrafos "...La cuestión esencial radica en determinar los efectos jurídicos derivados del transcurso del plazo de tres años desde la publicación en relación con los procesos selectivos relativos a las plazas incluídas en la oferta. A este respecto no puede decirse que exista una jurisprudencia pacífica y unánime, existiendo pronunciamientos judiciales, citados en los informes que obran en el expediente y en los alegatos de las partes, de signo contradictorio acerca del carácter esencial o no del plazo y por tanto, de la trascendencia anulatoria de su incumplimiento. ... El supuesto que nos ocupa es distinto, porque no hay duda de que los procesos selectivos, que se han declarado afectados por la caducidad parcial de la OEP, fueron convocados dentro del plazo de tres años desde la publicación de la OEP 2010-2011, publicada en BOP de Pontevedra de 04/02/2011 y 16/02/2012, y ello porque en cuanto a la segunda fase de la OEP (que se declara caducada) se publicaron las bases específicas de la convocatoria en fecha 16/12/2013 y los anuncios de la convocatoria, con apertura del plazo de presentación de solicitudes, se publicaron en el BOE de 8/01/2014 y 13/01/2014, produciéndose desde entonces diversas actuaciones en el marco de esos procesos selectivos, algunas de las cuales tuvieron incidencia en su normal desarrollo, retrasándolo, como en el caso del proceso selectivo referido a la policía local, que fue objeto de recursos contencioso-administrativo en cuanto a las bases de la convocatoria, que fueron parcialmente anuladas, obligando la sentencia firme a publicar una nueva convocatoria modificada en el extremo relativo a la edad máxima de los aspirantes, lo que fue cumplido por el Concello... Por tanto, el plazo en que se han de desarrollar las actuaciones del proceso selectivo objeto de una convocatoria temporánea, en ejecución de una OEP válida y vigente (no caducada en sus efectos jurídicos) no puede considerarse condicionado por el plazo de tres años desde la publicación de la OEP, porque son ejecución directa de las previsiones sustantivas y temporales de las bases de la convocatoria de los procesos selectivos, que son las que marcan los plazos en que las actuaciones del proceso se han de desarrollar..."

En atención ao anteriormente exposto, resulta claro que a actuación do concello foi conforme a dereito, a Sra. García Barrio foi nomeada funcionaria interina con cargo a praza vacante, e finalizado o proceso legalmente previsto e válido, de acordo coas propias bases da convocatoria, a súa condición de funcionaria interina extinguiuse automaticamente no momento en que se cubriu definitivamente a praza á que se adscribira, entendendo que non resulta de aplicación a lexislación e os fundamentos xurídicos alegados pola recurrente.

Por outra parte, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na súa Sentencia de data 14 de setembro de 2016, no asunto C-596/14, declara que, "el Tribunal de Justicia (Sala Décima) declara: "1) La cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada, debe interpretarse en el sentido de que el concepto de «condiciones de trabajo» incluye la indemnización que un empresario está obligado a abonar a un trabajador por razón de la finalización de su contrato de trabajo de duración determinada. 2) La cláusula 4 del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70, debe interpretarse en el sentido de que se opone a una normativa nacional, como la controvertida en el litigio principal, que deniega cualquier indemnización por finalización de contrato al trabajador con contrato de interinidad, mientras que permite la concesión de tal indemnización, en particular, a los trabajadores fijos comparables. El mero hecho de que este trabajador haya prestado sus servicios en virtud de un contrato de interinidad no puede constituir una razón objetiva que permi-

ta justificar la negativa a que dicho trabajador tenga derecho a la mencionada indemnización”.

A lexislación actual non contempla ningunha indemnización para os interinos ó finalizar o seu contrato, si se prevé para os traballadores temporais (12 días por ano traballado), tal indemnización está recollida no artigo 49.1.c) “... Por expiración del tiempo convenido o realización de la obra o servicio objeto del contrato. A la finalización del contrato, excepto en los casos del contrato de interinidad y de los contratos formativos, el trabajador tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.” Agora ben, cando son de aplicación algunha das causas concretamente tasadas, a cousa cambia, posto que si o interino e despedido por causas obxetivas, ten dereito a unha indemnización de 20 días por ano, e si o despido é improcedente, de 33 días por ano de servizo.

Temos que dicir que a Sentenza anteriormente referida, e outras ditadas xa no ámbito nacional na sala do social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, en principio so ten efectos xurídicos nos casos concretos planteados, éstos refírense a casos específicos, pero, ao menos de momento non son extrapolables ó resto dos traballadores, ademais é importante matizar que non aborda a situación dos funcionarios interinos, solo a dos empregados públicos interinos. O que si parece necesario a partir da sentenza europea que nos ocupa, é a conveniencia de revisar a lexislación existente relativa o contrato de interinidade para adaptalo ós pronunciamentos europeos e acabar coa inseguridade xurídica existente. Sen embargo, sería oportuno agardar a novos pronunciamentos xudiciais que se esperan neste tema (Tribunal Supremo e novamento o Tribuna de Xustiza da Unión Europea), que concreten máis a cuestión e determinen si a indemnización que se da os temporais (12 días), debe equipararse á que reciben os indefinidos por causas obxetivas (20 días), e se a dos interinos deberían equipararse entón a esta cuantía, pero todo elo aínda está por ver.

En atención ó exposto, entendo que debe deixarse aberta a formulación dunha proposta definitiva para máis adiante, ata que se pronuncien os Tribunais, xa que a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, non reflexa con precisión a situación do ordenamento xurídico español, estando a cuestión “sub iudice” neste intre. Por elo o dar unha resposta agora, significaría dar unha solución que máis tarde podería ser contraditoria con futuras decisións xurisdicionais. Por tanto, desestimase a petición subsidiaria.

**V.-** Na pretensión subsidiaria, a Sra. García Barrio solicita indemnización polos prexuízos sufridos debido a contratación fraudulenta, petición que non pode ser acollida polos mesmos fundamentos que os expostos no fundamento anterior de presente informe-Proposta, entendendo que en ningún momento houbo fraude na contratación.

**VI.-** Na súa última solicitude, a Sra. García Barrio, pretende que se deixe o asunto pendente de decidir ata a existencia dunha xurisprudencia e doutrina mas consolidada respecto de asuntos pendentes.

A proposta correspondente ó acordo que se recorre desestima integramente o recurso de reposición na petición de indemnización de conformidade co sistema previsto no artigo 56 do Estatuto dos Traballadores, para os despidos improcedentes, na petición subsidiaria de que se lle indemnice de conformidade co sistema previsto no artigo 53.1 b) do Estatuto dos Traballadores, para os despidos por causas obxetivas, e na segunda petición subsidiaria de

que se lle indemnice debido á contratación fraudulenta, ata lograr a súa indemnidade patrimonial e moral.

A Sra. García, utiliza unha parte illada do fundamento xurídico do Informe (“entendo que debe deixarse aberta a formulación dunha proposta definitiva para mais adiante, ata que se pronuncien os Tribunais”), pretendendo deixar o asunto pendente en vía administrativa. Sen embargo, en realidade a petición xa resolveuse desestimando a pretensión posto que como xa se expuso “A lexislación actual non contempla ningunha indemnización para os interinos, ... e a xurisprudencia citada pola Sra. García unicamente ten aplicación nos supostos xurídicos plantexados.”

A seguridade xurídica, principio que debe presidir a ordenación da materia, dados os efectos que o tempo –seu transcurso- produce nos dereitos, os intereses e nas simples expectativas dos cidadáns, fai razoable a fixación duns prazos administrativos. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos, e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, e esta obriga non é sino unha mera manifestación da natureza instrumental ou servicial da Administración, así como do principio de irrenunciabilidade da competencia. O deber de resolver expresamente é unha norma fundamental do réxime xurídico das Administracións públicas que se reitera e reforza pola interdicción legal do incumprimento da obriga de resolver pois en ningún caso poderá a Administración absterse de resolver so pretexto de silencio, escuridade o insuficiencia dos preceptos legais aplicables ó caso. O deber legar de resolver por parte da administración esixe unha decisión substantiva ou de fondo, é dicir, que a Administración resolva as cuestións xurídico-substantivas plantexadas no procedemento e que contense no expediente, e elo dentro do prazo establecido. Así este deber de resolver ten unha dimensión temporal, someténdose a prazo seu cumprimento. Leis e regulamentos establecen prazos específicos para resolver considerando a duración desexable o previsible de cada procedemento segundo súa natureza, trámites e complexidade e as posibilidades materiais da Administración. A vista do exposto, este deber da administración de resolver dentro do prazo previsto e de conformidade coa lexislación aplicable ó caso, é incompatible coa petición da Sra. Garcia, excedendo das facultades da Administración obviar os prazos legais, e deixar pendente a resolución dun asunto, á espera dunha determinada xurisprudencia. As potestades administrativas están suxeitas ó principio de legalidade, cuxos fins o constitúen o interese xeneral ou público e en ningún caso o particular ou privado. A pretensión da solicitante implicaría tanto como deixar en mans da Administración resolver no momento que a ela mais lle interese, a espera por exemplo da entrada en vigor dunha lei mais ou menos favorable, segundo os casos, o que como non pode ser doutra maneira, vai absolutamente en contra dos principios de actuación da Administración recollidos xa no artigo 103 da nosa Constitución e reiterados nas leis administrativas.

**VII.-** Así, vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e en xusta coherencia coa motivación legal, antecedentes xurisprudenciais e argumentos xurídicos expostos; e a salvo de calquera criterio mellor fundado en Dereito nos termos do indicado na cuestión previa do presente informe; pola presente e coa previa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

I.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup> Ana García Barrio na petición de que se lle indemnice de conformidade co sistema previsto no artigo 53.1 b) do Estatuto dos Traballadores, para o despido por causas obxectivas.

II.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup> Ana García Barrio na petición subsidiaria de que se lle indemnice debido á contratación fraudulenta, ata lograr a súa indemnidade patrimonial e moral.

III.- Desestimar integramente o recurso de reposición na segunda petición subsidiaria de deixar o asunto pendente de decidir ata a existencia de xurisprudencia e doutrina mais consolidada respecto de asuntos idénticos.

IV.- Notifíquese o presente acordo ao interesado/a.

V.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(781).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO. EXPTE. 24360/220.**

Visto o informe de fiscalización do 19/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/07/17, asinado pola técnica medio de Relacións Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

–Por orde de servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 12/07/2017, comunicouse a esta Área de Recursos Humanos e Formación, se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de prórroga (segunda e derradeira) do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade “SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA” .

–Con data 04/04/2014, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aprobou o expediente de contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

–A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 8/08/2014, adoptou polo que se adxudicou a SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA, o procedemento aberto para a contratación da póliza de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo por un prezo total de 185.531 euros (IVE incluído), sendo o prazo do contrato de dous anos, podendo ser obxecto de dúas prórrogas por un período de un ano cada unha delas.

–O contrato de seguro de vida e accidentes ten carácter de contrato privado, coa categoría contractual do contrato de seguros, establécendose que, de conformidade co disposto no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto



Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) os contratos privados se rexerán e quedarán sometidos, en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola TRLCSP e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de Dereito Administrativo, ou, no seu caso, as normas de Dereito Privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo Dereito Privado, resultando igualmente aplicables as cláusulas contidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no presente Prego de Prescripcíons Técnicas (PPT).

–O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 1 de setembro de 2014, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós pregos de prescripcíons técnicas e cláusulas administrativas.

–Tanto no contrato, cláusula 4, como no prego de cláusulas administrativas particulares, cláusula 4.2., prevese a posibilidade de prórroga mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local, sendo o prazo de execución inicial de dous anos, e dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que calquera das partes non se opuxese á mesma cunha antelación mínima de seis meses ao vencemento do período en curso, debendo existir acordo municipal da prórroga antes da data de fin da formalización do contrato, 1 de setembro de 2017.

–Exite conformidade para a prórroga da compañía aseguradora presentada a través do Rexistro Xeral (doc. 170007115), con data 19/01/2017.

–Con carácter xeral para todos os contratos, o art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periódicamente a concorrência a realización daquelas.

–O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

–Esta prórroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal, que non foi obxecto de modificación dende a súa adxudicación.

–Existe RC nº 35531, por importe de 113.000 € (cento trece mil e cinco euros), con cargo a partida 22101620500644 “Seguro colectivo de vida e Accidentes” do vixente orzamento municipal.

## **II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Real Decreto Legislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro.

Lei 20/2005, de 14 de novembro, de creación do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.

Real Decreto Legislativo 7/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros.

Real Decreto 300/2004, de 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Seguro de Riscos Extraordinarios

Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, tendo en conta que existe RC nº 35531 por importe de 113.000 € con cargo á partida 22101620500644 “Seguro colectivo de vida e Accidentes”.

### **III.- CONCLUSIÓN**

Procede efectuar a segunda e última prórroga do referido contrato por un ano máis coa entidade “SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA”, toda vez que resulta axustado a dereito, que existe a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, que a concorrência para a súa adjudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.

### **IV.- RÉXIME COMPETENCIAL**

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro; así como na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Acordar a segunda prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, formalizado coa entidade “SURNE MUTUA DE SEGUROS E REASEGUROS A PRIMA FIJA” polo período do 01/09/2017 a 31/08/2018, por un importe de 113.000 € (RC 35531) con cargo á partida 22101620500644 “Seguro colectivo de vida e Accidentes” do vixente orzamento municipal.

**Segundo.-** Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o adoptou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(782).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO, DE DATA 02/06/17, DE MODIFICACIÓN DATAS 1º EXERCICIO PROCESOS SELECTIVOS OEP 2013. EXPTE. 30151/220.**

Dáse conta da referida resolución do concelleiro-delegado da Área de xestión Municipal e Persoal, de data 2/06/17, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 12 de maio de 2017 adoptou acordo polo que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos nos procesos selectivos para a provisión das prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2013 convocadas, así como os membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 96 en data 22 de maio de 2017.

No apartado Cuarto, derradeiro parágrafo, do mentado acordo sinalábase que *“para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, habilítase expresamente ao Concelleiro-delegada de Xestión Municipal e Persoal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo”*.

Por tanto, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordos de mesmas datas, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

**“Primeiro.-** Proceder á modificación, por cuestións operativas, das datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos, que foron aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 12 de maio de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 96, debendo figurar onde di:

**“Cuarto.-** *Dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:*

**Técnico/a Medio/a de Actividades Culturais e Educativas:** *Martes, 6 de xuño de 2017 ás 09:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.*

**Administrativo/a de Administración Xeral:** *Mércores, 7 de xuño de 2017 ás 12:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, andar -1, de Vigo.*

**Programador/a Informática:** *Martes, 6 de xuño de 2017 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.*

**Condutor/a Bombeiro/a:** *Luns, 12 de xuño de 2017 ás 12:30 horas no Auditorio municipal, sito na Praza do Rei, nº1 de Vigo.*

**Oficial Conserxe:** *Xoves, 8 de xuño de 2017 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.*

**Oficial Xardineiro/a:** Xoves, 8 de xuño de 2017 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Almaceneiro/a:** Venres, 9 de xuño de 2017 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Carpinteiro/a:** Venres, 9 de xuño de 2017 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.”

o seguinte:

“**Cuarto.-** Dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

**Técnico/a Medio/a de Actividades Culturais e Educativas:** Martes, 27 de xuño de 2017 ás 09:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Administrativo/a de Administración Xeral:** Mércores, 28 de xuño de 2017 ás 12:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, andar -1, de Vigo.

**Programador/a Informática:** Martes, 27 de xuño de 2017 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Conductor/a Bombeiro/a:** Luns, 03 de xullo de 2017 ás 12:30 horas no Auditorio municipal, sito na Praza do Rei, nº1 de Vigo.

**Oficial Conserxe:** Xoves, 29 de xuño de 2017 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Xardineiro/a:** Xoves, 29 de xuño de 2017 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Almaceneiro/a:** Venres, 30 de xuño de 2017 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Carpinteiro/a:** Venres, 30 de xuño de 2017 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello, mantendo os restantes extremos do acordo indicado.”.

**Segundo.-** Notificar a presente aos membros integrantes dos órganos de selección designados, así como acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)., dando conta á Xunta de Goberno Local.”.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos

artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **36(783).- SOLICITUDE DE REINTEGRO DE CANTIDADES POR ASISTENCIA XURÍDICA EN PROC. ABREVIADO 3428/214, DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN 1. EXPTE. 1448/110.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/06/17, e o informe de fiscalización do 14/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/07/17, asinado polo secretario do Pleno e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EBEP. R. D. Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 20.01.2017 D. Eudosio Álvarez Álvarez, membro non electo da Xunta do Goberno Local do Concello de Vigo con competencias delegadas en materia de Patrimonio Histórico no período comprendido entre 01.04.2009 e 16.06.2011, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 incoadas polo Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo; adxunta Auto de 28.07.2016 que na parte dispositiva di, “(...) *Se acorda o sobresemento provisional e parcial da presente causa respecto dos investigados: ... Eudosio Álvarez Álvarez (...)*”

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Providencia de 1.02.2017, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro enténdese que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítense o seguinte,

### **INFORME**

I. As dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 do Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo refírense ao expediente tramitado no Concello de Vigo no que presuntamente participou, no exercicio do seu cargo como membro non electo da Xunta de Goberno Local e delegado de Patrimonio Histórico, Eudosio Álvarez Álvarez.

Nas dilixencias o petionario contratou a defensa de avogado supoñendo iso un gasto.

O art. 75.4 da LBRL sinala, “(...) Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)”. En similar sentido o art. 13.5 do ROFCL. Os membros non electos da Xunta de Goberno Local, a estes efectos, ostentan a condición de membros da Corporación.

O EBEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no art. 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)”.

Os membros do goberno municipal, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos, o art. 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)”.

O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres circunstancias: (i) que sexa por unha actuación en cumprimento das súas funcións; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso ou desviación de poder, e (iii) cando exista arquivo ou absolución.

Concorren as circunstancias.

O sobresemento “parcial” da causa é consecuencia de que na mesma se mantén a investigación doutros terceiros.

O sobresemento “provisional” respecto de D. Eudasio Álvarez Álvarez supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) O Auto de sobresemento provisional, pola a súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)”, STS 6.05.1983.

II. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura, elévase a 2.195,00 euros.

III. O interesado, no seu escrito, comunica conta de abono.

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado en relación os honorarios. O importe é acorde os prezos de mercado.

## **PROPOSTA DE ACORDO**

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Eudasio Álvarez Álvarez na conta corrente comunicada o importe de 2.195,00 euros en concepto de reintegro de honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 incoadas polo Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(784).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79713/250.**

Visto o informe xurídico do 28/06/17 e o informe de fiscalización do 7/07/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/07/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de setembro de 2013, adoptou o acordo de adxudicar mediante procedemento aberto a contratación da subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras expte. 68814/250. A segunda e última prórroga posible do citado contrato remata o vindeiro 23 de outubro de 2017, polo que considerase xustificado o proceder a iniciar o preceptivo expediente administrativo para a para a contratación de subministro de mesturas bituminosa e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras.

2º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle a aplicación orzamentaria partida 1532.210.00.00 – Conservación de viais e espazos públicos a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación.

3º.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de data 25 de abril de 2017.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 16.05.2017.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 29.05.2017.
- d) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 08.06.2017.
- e) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 08.06.2017.
- f) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 28.06.17 sobre o PCAP de data 28 de xuño de 2017.

## II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Terceiro.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Quinto.-** No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e no presente expediente de acordo ao carácter estandarizado do subministro, estímase como único criterio de adxudicación o prezo ofertado polo licitador, que determinarase en función dos porcentaxes de descontos ofertados, de acordo coas fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

**Sexto.-** A Asesoría Xurídica emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria a contratación

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de data 29.05.2017

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 08.06.2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de de 600.000,00 € (IVE engadido), dos que o importe correspondente ao IVE é de 104.132,23 €, polo que prezo sen IVE é de 495.867,77 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en 991.735,54 € EUROS.



Trátase dun contrato de carácter plurianual. Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 – Conservación de viais e espazos públicos , a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, aplicándose a seguinte distribución de anualidades:

	Sen IVE	ive	con IVE
2017	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €
2018	247.933,88 €	52.066,12 €	300.000,00 €
2019	206.611,57 €	43.388,43 €	250.000,00 €
	<b>495.867,77 €</b>	<b>104.132,23 €</b>	<b>600.000,00 €</b>

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(785).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez